



MEMORIA RELATIVA Á CONTRATACIÓN DAS “PRESTACIÓNS NOS CENTROS DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES DOS MUNICIPIOS DE CASTROVERDE E PEDRAFITA DO CEBREIRO”. EXP0012SE20ABO

1. XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE

A Deputación Provincial de Lugo no ano 2010, tendo en conta a situación sociodemográfica de sobreenvellecemento da súa poboación, co especial repercusión nas zonas rurais, e sendo coñecedora dos recursos existentes cos que contaba a provincia, iniciou un proxecto ambicioso á vez que necesario para dar resposta a esta necesidade mais que evidente e manifesta, en concreto a construción e/ou financiamento de centros de atención a persoas maiores, en colaboración cos concellos da provincia, por ser estes os que ostentan a competencia en materia de servizos sociais comunitarios, así como, por ser as entidades mais próximas aos cidadáns, que en último termo é a quen vai dirixido este proxecto.

Así ao longo dos últimos anos, fóronse artellando diferentes formas de cooperación e colaboración tanto técnica, como económica entre concellos e Deputación, dando lugar a unha rede de centro de atención a persoas maiores financiadas por esta entidade provincial.


O 9 de marzo de 2018 a Xunta de Goberno da Deputación de Lugo acordou impulsar a posta en funcionamento das residencias e centros de día rematados e as que se atopasen en construción ou en fase de preparación, ordenando aos distintos servizos e unidades administrativas afectados, nomeadamente Secretaría Xeral, Intervención, Asesoría Xurídica, Servizos Sociais e Contratación e Fomento, priorizar as tarefas necesarias para a posta en funcionamento destes equipamentos sociais altamente demandados, coa maior celeridade posible.

Co obxecto de poñer en marcha os servizos residenciais e atención diúrna, a Deputación de Lugo asinou diferentes convenios de colaboración con concellos da provincia que manifestaron o seu interese en participar de maneira directa no mesmo, atopándose entre eles o Concello de Castroverde e o Concello de Pedrafita do Cebreiro:

- O 13.04.2018 o Pleno da Corporación do Concello de Pedrafita do Cebreiro acordou prestar aprobación ao Convenio marco interadministrativo de cooperación coa Deputación Provincial de Lugo para implementar e executar un sistema de servizos sociais en Centros de atención a persoas maiores. A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo acordou dar aprobación ao mesmo o 10.05.2018, sendo asinado entre as partes o 20.06.2018
- O 13.11.2019 o Pleno da Corporación do Concello de Castroverde acordou prestar aprobación ao Convenio marco interadministrativo de cooperación coa Deputación Provincial de Lugo para implementar e executar un sistema de servizos sociais en Centros de atención a persoas maiores. A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo acordou dar aprobación ao mesmo o 13.12.2019, sendo asinado entre as partes o 14.01.2020

O Concellos citados tramitaron consonte o artigo 97 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, o expediente para o exercicio de actividades polas entidades locais. Neste expediente, elevado inicialmente ao Pleno de cada corporación e posteriormente aprobado, incluíase:

Código Seguro de Verificación	IV7GUPZIPVN5VHBLZT6BDYJSAI	Fecha y Hora	22/09/2020 13:30:59
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	SILVIA GARCÍA LÓPEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GUPZIPVN5VHBLZT6BDYJSAI	Página	1/55





- Memoria xustificativa da implantación do servizo de Centro de atención a persoas maiores de Trabada: memoria relativa aos aspectos social, xurídico, técnico e financeiro da actividade económica , base para determinar a viabilidade financeira do servizo a a súa forma de xestión.
- Ordenanza de acceso ao servizo de atención residencial e servizo de atención diúrna.
- Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo de atención residencial.
- Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo de atención diúrna.
- Regulamento de funcionamento interno do centro de atención residencial.
- Regulamento de funcionamento interno do centro de atención diúrna

O citado expediente para o inicio de actividades económicas, quedou aprobado definitivamente, así como, os documentos que o compoñen, do seguinte xeito:

- Polo Pleno de Castroverde realizado o 15.07.2020.
- Polo Pleno de Pedrafita do Cebreiro, realizado 01.04.2019.

En base a esa aprobación do inicio de actividades dos devanditos Plenos, estes acordaron dar aprobación convenio específico entre a Deputación de Lugo e o Concellos, para a prestación compartida de servizos nos centros de atención a persoas maiores , no marco dunha relación interadministrativa de cooperación, en concreto:

- Polo Pleno de Castroverde realizado o 21.07.2020.
- Polo Pleno de Pedrafita do Cebreiro, realizado o 12.03.2020.

Ambos convenios foron aprobados polo órgano competente da Deputación de Lugo, en concreto o convenio específico con Pedrafita do Cebreiro aprobouse pola Xunta de Goberno en sesión realizada o 24.05.2019, e o convenio específico con Castroverde aprobouse pola Xunta de Goberno en sesión realizada o 28.07.2020.

Ambos convenios constan asinados polas partes, en concreto:

- O convenio específico para a prestación compartida de servizos no centro de atención a persoas maiores de Castroverde , no marco dunha relación interadministrativa de cooperación, asinouse o 11.08.2020.
- O convenio específico para a prestación compartida de servizos no centro de atención a persoas maiores de Pedrafita do Cebreiro , no marco dunha relación interadministrativa de cooperación, asinouse o 10.07.2020.

Os citados convenios específicos bilaterais formalizados pola Deputación de Lugo para a prestación compartida de servizos nos centros de atención a persoas maiores dos municipios de Pedrafita do Cebreiro e Castroverde, no marco dunha relación interadministrativa de cooperación establecen, neste marco cooperativo, a Deputación de Lugo como órgano de contratación.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia (en adiante LSSG), establece no seu artigo 8º a estrutura básica dos servizos sociais de Galicia, sinalando que o sistema galego de servizos sociais estrutúrase en forma de rede, consonte con dous niveis de actuación:

Código Seguro de Verificación	IV7GUPZIPVN5VHBLZT6BDYJSAI	Fecha y Hora	22/09/2020 13:30:59
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	SILVIA GARCÍA LÓPEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GUPZIPVN5VHBLZT6BDYJSAI	Página	2/55





- a) Servizos sociais comunitarios, que comprenden, a súa vez, dúas modalidades: servizos sociais comunitarios básicos e servizos sociais comunitarios específicos.
- b) Servizos sociais especializados.

Así, no artigo 13º, funcións dos servizos sociais comunitarios específicos, sinálase que os servizos sociais comunitarios específicos terán como función o desenvolvemento da atención directa a colectivos con déficits de autonomía ou en risco de exclusión que se desenvolva a través de programas en medio aberto, en centros de carácter non residencial ou de carácter residencial temporal, así como, a xestión de equipamentos comunitarios para sectores de poboación con necesidades específicas que posibiliten no seu ámbito o logro dos obxectivos recollidos no artigo 3 da citada LSSG, no marco do Plan estratéxico de servizos sociais. Tanto a atención residencial, que comporta aloxamento continuado ou temporal, substitutivo do fogar e a atención diúrna, que ofrece coidados persoais e actividades de promoción e prevención que non requiran o ingreso nun centro residencial, son considerados servizos e actuacións de natureza material ou tecnolóxica, segundo o establece no artigo 20 da LSSG.


A lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia regula as condicións básicas que garantan a igualdade no exercicio do dereito subxectivo de cidadanía á promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, nos termos establecidos nas leis, mediante a creación dun Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, coa colaboración e participación de todas as Administracións Públicas e a garantía pola Administración Xeral do Estado dun contido mínimo común de dereitos para todos os cidadáns en calquera parte do territorio do Estado español. Así, esta Lei sinala que o Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia responderá a unha acción coordinada e cooperativa da Administración Xeral do Estado e as Comunidades Autónomas, que contemplará medidas en todas as áreas que afectan as persoas en situación de dependencia, coa participación, no seu caso, das Entidades Locais.

As Entidades Locais participarán na xestión dos servizos de atención ás persoas en situación de dependencia, de acordo coa normativa das súas respectivas Comunidades Autónomas e dentro das competencias que a lexislación vixente atribúelles, segundo establece o artigo 12 da Lei 39/2006.

O artigo 60º da LSSG, Competencias dos concellos establece que de conformidade co previsto nesta Lei e na lexislación aplicable sobre réxime local, correspóndenlles aos concellos, no marco da planificación e ordenación xeral do sistema galego de servizos sociais, as competencias de creación, a xestión e o mantemento dos servizos sociais comunitarios básicos, así como, a creación, a xestión e o mantemento dos servizos sociais comunitarios específicos, sen prexuízo do establecido no artigo 59º i. As competencias exerceranas os concellos, por si mesmos, ou asociados, ou a través das fórmulas de colaboración interadministrativa, co fin de alcanzar unha maior eficacia e rendibilidade social dos recursos dispoñibles.

As actividades municipais complementarias doutras administracións públicas, reguladas no artigo 62 da LSSG, establece que para a mellor atención das necesidades sociais do seu ámbito territorial, e unha vez garantida a prestación dos servizos sociais comunitarios básicos e demais competencias enumeradas no artigo 60, os concellos de Galicia poderán crear, xestionar e manter servizos sociais especializados, en coordinación coa Xunta de Galicia e de acordo co Catálogo de servizos sociais e a planificación correspondente .

Código Seguro de Verificación	IV7GUPZIPVN5VHBLZT6BDYJSAI	Fecha y Hora	22/09/2020 13:30:59
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	SILVIA GARCÍA LÓPEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GUPZIPVN5VHBLZT6BDYJSAI	Página	3/55





O Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento establece no artigo 28. Criterio xeral de competencia, indica que os servizos sociais comunitarios básicos e específicos son de competencia municipal, nos termos establecidos no título VII da LSSG. Ademais, co fin de facilitar a calidade e cobertura equilibrada de servizos en todo o territorio, e de conformidade co artigo 64 da citada Lei 13/2008, a Xunta de Galicia promoverá, mediante fórmulas de colaboración interadministrativa, a xestión dos centros e servizos sociais comunitarios específicos que se determine na planificación do sistema galego de servizos sociais (artigo 30.2 do citado Decreto 99/2012).


Ase mesmo, o artigo 64 bis da LSSG sinala que conforme ao establecido na lexislación de réxime local e na Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local (LRSAL), as competencias que corresponden aos concellos en materia de creación, xestión e mantemento dos servizos sociais comunitarios en virtude do disposto no artigo 60 desta LSSG, teñen o carácter de competencias propias atribuídas pola lexislación autonómica, polo que, para o exercicio de tales competencias polos concellos non serán esixibles os informes que prevé o artigo 3 da Lei 5/2014, do 27 de maio, para o caso de exercicio de competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación.

a LSSG establece no artigo 63, competencias das deputacións provinciais, que estas, de conformidade co previsto na normativa de réxime local, proporcionarán asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos na execución das súas competencias en materia de servizos sociais, especialmente na prestación de servizos sociais comunitarios básicos por aqueles concellos con menos de vinte mil habitantes, atopándose neste caso o Concello de Ribadeo. No mesmo senso se pronuncia o Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, xa que establece no seu artigo 31, competencias das deputacións, que estas de conformidade co previsto no artigo 109.1.b), da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, (en adiante LALGA) proporcionaranlles asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos e agrupacións de concellos, especialmente aos de menos de 20.000 habitantes, na implantación e xestión dos servizos sociais comunitarios municipais, ase mesmo, os artigos 114 e 115 da LALGA regulan respectivamente, a asistencia económico–financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables aos fins que ocupan este informe.

O artigo 36.1 LBRL, enumera as competencias propias do ente provincial, estipulando os apartados b) e d) a asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica ós Concellos, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión. En todo caso nos municipios de 1.000 habitantes debe garantir a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.

Ase mesmo, o artigo 118 e) da LALGA establece que compete as Deputacións Provinciais rexer e administrar os intereses peculiares da provincia, creando, conservando e mellorando os servizos cuxo obxecto sexa o fomento dos mesmos en especial, a realización de obras en todo o territorio provincial. Por último, o artigo 30.6 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (en adiante TRLRL) sinala, dentro das formas de cooperación das Deputacións, a dos “convenios” de execución de obras e instalación de servizos.

Código Seguro de Verificación	IV7GUPZIPVN5VHBLZT6BDYJSAI	Fecha y Hora	22/09/2020 13:30:59
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	SILVIA GARCÍA LÓPEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GUPZIPVN5VHBLZT6BDYJSAI	Página	4/55





A amentada Lei 39/2006 establece que corresponden ás Comunidades Autónomas, sen prexuízo das competencias que lles son propias segundo a Constitución Española, os Estatutos de Autonomía e a lexislación vixente, diversas funcións, como planificar, ordenar, coordinar e dirixir, no ámbito do seu territorio, os servizos de promoción da autonomía persoal e de atención ás persoas en situación de dependencia.

As prestacións de atención á dependencia poderán ter a natureza de servizos e iran destinadas, por unha banda, á promoción da autonomía persoal e, por outra, a atender as necesidades das persoas con dificultades para a realización das actividades básicas da vida diaria.

O Catálogo de servizos, artigo 15, da Lei 39/2006, comprende os servizos sociais de promoción da autonomía persoal e de atención á dependencia recollendo, entre outros o Servizo de Centro de Día e de Noite e o Servizo de Atención Residencial. Estes servizos establecidos no Catálogo, terán carácter prioritario e prestaranse a través da oferta pública da Rede de Servizos Sociais polas respectivas Comunidades Autónomas mediante centros e servizos públicos ou privados concertados debidamente acreditados.

O 24 de setembro de 2013 publicouse no Diario Oficial de Galicia o Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia.

Este decreto configura, para a Comunidade Autónoma de Galicia, unha carteira que define os servizos sociais de promoción da autonomía e atención ás persoas en situación de dependencia de forma ampla e centrándose na especialización por colectivos de dependencia, a fin de conseguir unha atención máis centrada nas necesidades da persoa tendo en conta o seu grao de dependencia. Por tanto, esta norma constitúe un desenvolvemento especializado da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

A carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia constitúe o instrumento mediante o que se relacionan as modalidades e prestacións que integran o contido dos servizos previstos no catálogo regulado polo artigo 15 da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

As modalidades e prestacións que constitúen o contido dos servizos que forman parte da carteira son os que se enumeran no anexo I do citado Decreto. Todas as prestacións teñen carácter básico, sendo en consecuencia de obrigado cumprimento, agás que se indique expresamente o seu carácter opcional.

A carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia está integrada por: a) A carteira de servizos comúns; b) A carteira de servizos específicos; c) A carteira do servizo de asistente persoal.

Forman parte da carteira de servizos comúns os servizos de promoción da autonomía persoal e atención á dependencia, dirixidos a persoas cuxo diagnóstico non requira a asignación de servizos que, sendo da mesma natureza, atópanse incluídos en calquera das carteiras específicas. Intégranse nesta carteira, entre outros, os servizos de atención diúrna, con modalidade básica e terapéutica, e os servizos de atención residencial, con modalidade básica e terapéutica.

Código Seguro de Verificación	IV7GUPZIPVN5VHBLZT6BDYJSAI	Fecha y Hora	22/09/2020 13:30:59
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	SILVIA GARCÍA LÓPEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GUPZIPVN5VHBLZT6BDYJSAI	Página	5/55





A LSSG establece no seu artigo 29 as formas de prestación dos servizos sociais, así, os servizos sociais serán prestados polas administracións públicas galegas a través das seguintes fórmulas: a) a xestión directa, b) a xestión indirecta no marco da normativa reguladora dos contratos do sector público, c) mediante o réxime de concerto social previsto na presente lei, d) mediante convenios con entidades sen ánimo de lucro. Tendo en conta os convenios de colaboración administrativos, estaremos a falar neste caso dunha xestión directa.

As persoas físicas e xurídicas privadas, de iniciativa social ou de carácter mercantil, poderán actuar como entidades prestadoras de servizos sociais e, en consecuencia, crear centros de servizos sociais, así como xestionar programas e prestacións desta natureza, de conformidade co establecido no título II das prestacións dos servizos sociais. Por razóns de saúde pública directamente vinculadas coa garantía da adecuada atención e protección dos usuarios dos servizos sociais, sempre que inclúan prestacións ligadas á saúde de acordo coas respectivas normativas sectoriais que os regulan, a prestación dos servizos para persoas maiores ou con dependencia, con carácter previo ao comezo da actividade, á correspondente autorización ditada polo órgano con atribucións en materia de autorización e inspección da consellería de la Xunta de Galicia con competencia en materia de servizos sociais, nos termos previstos na presente lei e na súa normativa de desenvolvemento.


En cumprimento do establecido nos artigos 28 e 116 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP), a celebración do presente contrato xustifícase na necesidade de dar cobertura as prestacións do servizo de atención residencial e servizo de atención diúrna. Incluídas nas áreas de formación básica instrumental, área de actividades e programas, así como de servizos xerais, establecidos no anexo I do Decreto 149/2013 de 5 de Setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais de Galicia.

En definitiva, a contratación das prestacións é necesario para cumprir os compromisos asumidos pola Deputación con concellos de Pedrafita do Cebreiro e Castroverde coa formalización dos:

- ***Convenio marco, interadministrativo de cooperación, entre os concellos da provincia e a Deputación de Lugo para implantar e executar un sistema de servizos sociais en centros de atención a persoas maiores. Convenio bilateral Deputación de Lugo-Concello de Castroverde, asinado polas partes o 14.01.2020.***
- ***Convenio específico para a prestación compartida de servizos no centro de atención a persoas maiores de Castroverde, no marco dunha relación interadministrativa de cooperación, asinado polas partes o 11.08.2020.***
- ***Convenio marco, interadministrativo de cooperación, entre os concellos da provincia e a Deputación de Lugo para implantar e executar un sistema de servizos sociais en centros de atención a persoas maiores. Convenio bilateral Deputación de Lugo-Concello de Pedrafita do Cebreiro, asinado o 20.06.2018***
- ***Convenio específico para a prestación compartida de servizos no centro de atención a persoas maiores de Pedrafita do Cebreiro, no marco dunha relación interadministrativa de cooperación, asinado polas partes o 10.07.2020.***

Nos cales se determina que a Deputación opere como órgano de contratación.

Código Seguro de Verificación	IV7GUPZIPVN5VHBLZT6BDYJSAI	Fecha y Hora	22/09/2020 13:30:59
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	SILVIA GARCÍA LÓPEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GUPZIPVN5VHBLZT6BDYJSAI	Página	6/55





1. 1. Xustificación insuficiencia de medios propios

O artigo 30.3 da LCSP, en relación a execución directa de prestacións pola administración pública con colaboración de empresarios particulares, precisa que a prestación de servizos realizárase, normalmente, pola propia administración, cos seus propios medios. Non obstante previa a debida xustificación no expediente, poderase contratar de conformidade co establecido no capítulo V, do título II do Libro II desta Lei.

Ante a insuficiencia de medios persoais e materiais resulta necesaria a licitación para dar cobertura ás prestacións do servizo de atención residencial e servizo de atención diúrna incluídas nas áreas de formación básica e instrumental, área de actividades e programas, así como, de servizos xerais, establecidas no Anexo I do Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e determínase o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, consideradas como básicas. As citadas prestación non poder ser atendidas cos medios persoais e materiais cos que conta o pode contar a Deputación de Lugo neste momento.

Código Seguro de Verificación	IV7GUPZIPVN5VHBLZT6BDYJSAI	Fecha y Hora	22/09/2020 13:30:59	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica			
Firmado por	SILVIA GARCÍA LÓPEZ			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GUPZIPVN5VHBLZT6BDYJSAI	Página	7/55	



2. CLASIFICACIÓN CPV

O contrato administrativo de servizos obxecto deste informe será para dar cobertura ás prestacións do servizo de atención residencial e servizo de atención diúrna incluídas nas áreas de formación básica e instrumental, área de actividades e programas, así como, de servizos xerais, establecidas no Anexo I do Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e determínase o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, consideradas como básicas, comprendidos dentro do Código/s CPV :

- 85121252-4 Servizos xeriátricos.
- 85300000-2 Servizos de asistencia social e servizos conexas.
- 85312100-0 Servizos de Centro de Día.

3. PRAZO DE DURACIÓN DO CONTRATO

A duración do contrato establécese dende 15.10.2020 (inicio previsto) ata o 20.06.2020. A data fin do contrato está relacionada co fin do compromiso establecido polos convenios marcos e específicos entre a Deputación de Lugo e o Concello de Pedrafita do Cebreiro. A Deputación de Lugo remataría o compromiso co Concello de Castroverde o 14.01.2024, pero parece o mais conveniente unificar os períodos de execución entre ambos concellos, e facelos coincidentes cos centros que actualmente constan en funcionamento, sendo en todos os casos o fin dos compromisos vixentes o 20.06.2022, coincidentes con Pedrafita do Cebreiro.


En último termino, no caso de que os Concellos cuxos compromisos rematan o 20.06.2022 non continuases coa colaboración, a Deputación de Lugo tería que licitar o resto do período (dende 21.06.2022 ata o 14.01.2024) para dar cumprimento ao Concello de Castroverde.

Salientar que é imprescindible que os centros e os servizos que neles se prestan contén con todas as autorizacións e licencias, co especial mención á autorización sectorial de servizos sociais, en concreto as autorizacións establecidas no Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia (DOG núm. 14 do 20.01.2012).

Debido a actual pandemia do COVID-19 poderíase atrasar o inicio da actividade, e polo tanto do contrato, por razóns de seguridade e ou emerxencia sanitaria, tendo en conta en todo momento as recomendacións, instrucións e normativa a dar cumprimento en materia sociosanitaria.

En conclusión prevese o inicio das prestacións o 15.10.2020 cunha duración ata o 20.06.2022, sen posibilidade de prórrogas, estando supeditado o inicio das prestacións ás autorizacións sectoriais que deben ter os centros para a súa apertura e a situación sanitaria, co especial mención a evolución da pandemia derivado do COVID-19.

Código Seguro de Verificación	IV7GUPZIPVN5VHBLZT6BDYJSAI	Fecha y Hora	22/09/2020 13:30:59
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	SILVIA GARCÍA LÓPEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GUPZIPVN5VHBLZT6BDYJSAI	Página	8/55





4. DIVISIÓN EN LOTES

De acordo co previsto no artigo 99 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a división en lotes pasa a ser a regra xeral e debe xustificarse a non división.

A Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, (en adiante LSSG), estrutura o sistema galego de servizos sociais en forma de rede, en dous niveis de actuación, comunitaria (básicos e específicos) e especializada, e con carácter xeral correspóndelles aos concellos a competencia na creación e xestión dos servizos sociais comunitarios. Esta Lei establece no seu artigo 8º a estrutura básica dos servizos sociais de Galicia, sinalando que o sistema galego de servizos sociais estrutúrase en forma de rede, consonte con dous niveis de actuación. Os servizos sociais comunitarios, como instancia ordinaria de acceso ao sistema galego de servizos sociais, realizarán con carácter xeral a valoración e o seguimento das persoas usuarias do sistema e informarán e impulsarán os procedementos de derivación aos servizos sociais especializados.

Así, no artigo 13º, funcións dos servizos sociais comunitarios específicos, sinálase que os servizos sociais comunitarios específicos terán como función o desenvolvemento da atención directa a colectivos con déficits de autonomía ou en risco de exclusión que se desenvolva a través de programas en medio aberto, en centros de carácter non residencial ou de carácter residencial temporal, así como, a xestión de equipamentos comunitarios para sectores de poboación con necesidades específicas que possibiliten no seu ámbito o logro dos obxectivos recollidos no artigo 3 da citada LSSG, no marco do Plan estratéxico de servizos sociais. Tanto a atención residencial, que comporta aloxamento continuado ou temporal, substitutivo do fogar e a atención diúrna, que ofrece coidados persoais e actividades de promoción e prevención que non requiran o ingreso nun centro residencial, son considerados servizos e actuacións de natureza material ou tecnolóxica, segundo o establece no artigo 20 da LSSG.

O artigo 60º da LSSG, Competencias dos concellos establece que de conformidade co previsto nesta Lei e na lexislación aplicable sobre réxime local, correspóndenlles aos concellos, no marco da planificación e ordenación xeral do sistema galego de servizos sociais, *as competencias de creación, a xestión e o mantemento dos servizos sociais comunitarios básicos*, así como, a *creación, a xestión e o mantemento dos servizos sociais comunitarios específicos*, sen prexuízo do establecido no artigo 59º i. *As competencias exerceran as concellos*, por si mesmos, ou asociados, ou a través das fórmulas de *colaboración interadministrativa*, co fin de alcanzar unha maior eficacia e rendibilidade social dos recursos dispoñibles.

As actividades municipais complementarias doutras administracións públicas, reguladas no artigo 62 da LSSG, establece que para a mellor atención das necesidades sociais do seu ámbito territorial, e unha vez garantida a prestación dos servizos sociais comunitarios básicos e demais competencias enumeradas no artigo 60, os concellos de Galicia *poderán crear, xestionar e manter servizos sociais especializados*, en coordinación coa Xunta de Galicia e de acordo co Catálogo de servizos sociais e a planificación correspondente .

Ase mesmo, o artigo 64 bis da LSSG sinala que conforme ao establecido na lexislación de réxime local e na Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de

Código Seguro de Verificación	IV7GUPZIPVN5VHBLZT6BDYJSAI	Fecha y Hora	22/09/2020 13:30:59
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	SILVIA GARCÍA LÓPEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GUPZIPVN5VHBLZT6BDYJSAI	Página	9/55





racionalización e sustentabilidade da Administración local (LRSAL), as competencias que corresponden aos concellos en materia de creación, xestión e mantemento dos servizos sociais comunitarios en virtude do disposto no artigo 60 desta LSSG, teñen o carácter de competencias propias atribuídas pola lexislación autonómica, polo que, para o exercicio de tales competencias polos concellos non serán esixibles os informes que prevé o artigo 3 da Lei 5/2014, do 27 de maio, para o caso de exercicio de competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación.


O Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento establece no artigo 28. Criterio xeral de competencia, indica que os servizos sociais comunitarios básicos e específicos son de competencia municipal, nos termos establecidos no título VII da LSSG.

Ase mesmo, no Anexo I do devandito Decreto 99/2012, se establece a caracterización de áreas sociais para a planificación de referencia das dotacións de servizos sociais comunitarios. Sen prexuízo do desenvolvemento do título IV da LSSG, a planificación da rede de servizos sociais comunitarios básicos do sistema galego de servizos sociais terá en conta o expresado no citado anexo. As áreas para a planificación de referencia de servizos sociais comunitarios definidas parten en todo caso dos **concellos como unidade básica de prestación dos servizos**, clasificándoos e agrupándoos de acordo con demarcacións caracterizadas por criterios de poboacións, sociais e xeográficos.

Este senso de entender aos concellos como unidade básica de prestación, afíanzase se temos en conta que:

1. Cada concello tramitou consonte o artigo 97 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, o expediente para o exercicio de actividades polas entidades locais.
2. Nas ordenanzas reguladoras dos servizos se establecen uns centro xestores responsables da tramitación dos expedientes de acceso, os cales poderán ser os servizos sociais comunitarios de referencia e servizos sociais da Deputación de Lugo. Por tanto, para cada CAM se terán centros xestores diferentes. Para o CAM de Castroverde: os servizos sociais do Concello de Castroverde e os servizos sociais da Deputación de Lugo. Para o CAM de Pedrafita do Cebreiro: os servizos sociais do Concello de Pedrafita do Cebreiro e servizos sociais da Deputación de Lugo
3. Nas ordenanza establecece unha Comisión Mixta Valoración (en diante, CMV), composta pola persoa responsable do CAM, un/unha técnica dos Servizos Sociais Comunitarios do Concello e un/unha técnico de servizos sociais da Deputación de Lugo. Así, cada CAM terá unha Comisión mixta de Valoración diferente.
4. Para obter o dereito de acceso aos servizos, será necesario unha resolución ou acordo do órgano competente, que para o CAM de Castroverde e o CAM de Pedrafita do Cebreiro, tampouco é coincidente.
5. Outras das diferencias é que cada centro ten os seus propios regulamentos de réxime interno, en todo caso os centros de día e os centros residenciais de cada municipio estarían vinculados pola figura do responsable dos centros que recaerá sobre a mesma persoa, á estar integrados, tal e como establece e permite a Orden de 18 de abril de 1996 pola que se desenvolve o Decreto 243/1995, de 28 de xullo, no relativo a la regulación

Código Seguro de Verificación	IV7GUPZIPVN5VHBLZT6BDYJSAI	Fecha y Hora	22/09/2020 13:30:59
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	SILVIA GARCÍA LÓPEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GUPZIPVN5VHBLZT6BDYJSAI	Página	10/55





das condicións e requisitos específicos que deben cumprir os centros de atención a persoas maiores da Consellería de Sanidade e Asuntos Sociais da Xunta de Galicia.

Por tanto, vistas as ordenanzas de acceso aos servizos teremos centros xestores, Comisións Mixtas de Valoración e órganos competentes para resolver o dereito ao servizos diferentes en función do municipio onde se localice o centro no cal se dean as prestacións.

Así pois, a separación en lotes en función do municipio onde se localice o CAM, e polo tanto teñan lugar as prestacións, centro no cal se dean as prestacións, quedará xustificada porque cada Concello é unha unidade básica de prestación dos servizos sociais; porque cada servizo en función do municipio onde se localice terá uns centros xestores, unhas comisións mixtas de valoración e un órgano competente para resolver o dereito ao acceso diferentes; porque cada centro ten os seus propios regulamentos de réxime interno, salientando que cada Centro de día e a Centro Residencial, estarían vinculados pola figura do responsable dos centros, xa que ambos centros constan integrados, tal e como establece e permite a Orden de 18 de abril de 1996 pola que se desenvolve o Decreto 243/1995, de 28 de xullo, no relativo a la regulación das condicións e requisitos específicos que deben cumprir os centros de atención a persoas maiores da Consellería de Sanidade e Asuntos Sociais da Xunta de Galicia.

Dado a natureza das prestacións, a súa funcionalidade e a organización neste sistema colaborativo prestacional, prevese a realización independente mediante a división en lotes, por centros físicos localizados en municipios distintos pero territorialmente próximos.

Esta organización permite que as prestacións realizadas por empregados públicos gañen en operatividade e eficacia, evitando longos desprazamentos ao tempo que resulta compatible coa división en lotes propugnada pola Lexislación contractual e permite que se prevea unha oferta integradora, a fin de compatibilizar a facilitación do acceso a esta contratación de pequenas empresas, con certas economías a escala, como unha opción prevista nos pregos.

En base ao sinalo propónse a seguinte división en lotes:

- LOTE 1: CENTRO DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES (CAM) DE CASTROVERDE
- LOTE 2: CENTRO DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES (CAM) DE PEDRAFITA DO CEBREIRO

5. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN

De acordo co establecido no artigo 100.2 da LCSP, o orzamento base de licitación distribúese indicando os custes directos e outros eventuais gastos calculados para a súa determinación. Para iso tivéronse en conta as seguintes ocupacións máximas:

- Lote 1 Castroverde: 30 prazas no servizo de atención residencial, sendo 3 con autonomía e 27 con dependentes 24 prazas no servizo de atención diúrna, tendo en conta xornadas completas, medias xornadas, incrementos de servizo como horas extra de atención, comidas principal e secundaria .

Código Seguro de Verificación	IV7GUPZIPVN5VHBLZT6BDYJSAI	Fecha y Hora	22/09/2020 13:30:59
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	SILVIA GARCÍA LÓPEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GUPZIPVN5VHBLZT6BDYJSAI	Página	11/55





- Lote 2 Pedrafita do Cebreiro: 30 prazas no servizo de atención residencial, sendo 4 con autonomía e 27 con dependentes 20 prazas no servizo de atención diúrna, tendo en conta xornadas completas, medias xornadas, incrementos de servizo como horas extra de atención, comidas principal e secundaria .

Nos contratos nos que o custo dos salarios das persoas empregadas para a súa execución forme parte do prezo total do contrato, o orzamento base de licitación indicará de forma desagregada e con desagregación de xénero e categoría profesional os custos salariais estimados a partir do convenio laboral de referencia.

Na fixación do devandito orzamento tivéronse en conta todos os custos laborais derivados dos convenios colectivos sectoriais de aplicación, custos directos e indirectos e o beneficio industrial de acordo co estipulado no artigo 100.2 da LCSP. A desagregación de xénero que prevé este artigo, non pode ser facilitada nesta contratación ao tratarse de centros de nova apertura.

Así mesmo tivéronse en conta para o cálculo do orzamento base de licitación:

- O estudio de viabilidade e memoria económica- financeira Residencial e centro de día para persoas maiores “Residencia O Castro” elaborado por técnicas da Deputación de Lugo da Área de Benestar social e Igualdade no mes de febreiro 2020.
- O estudio de viabilidade e memoria económica-financiera asociada para a determinación dos prezos dos servizos a prestar no novo centro de atención a persoas maiores de Pedrafita, elaborado por Into Consulting S.L. en xuño de 2018.
- Os expedientes de contratación das prestacións a persoas maiores nos centros de atención de Trabada, Ribadeo, A Fonsagrada e Pol, realizados dende esta Administración Local.
- A previsión dun incremento do 1,5% anual.
- Ocupación progresiva da ocupación dos servizos.

As obrigas da adxudicataria co persoal a contratar nos servizos a prestar, baixo a súa organización e dependencia, veñen reguladas polo IV Convenio Colectivo de residencias privadas da terceira idade de Galicia, convenio vixente aplicable no lugar de prestacións dos servizo, publicado no Diario Oficial de Galicia núm.70 de 11.04.2018. Este é o Convenio que se toma como referencia de conformidade co establecido no artigo 102.3 da LCSP para os cálculos de custes de persoal.

Así, en base aos estudos de viabilidade e memoria económica-financiera para a determinación dos prezos dos servizos a prestar no novo centro de atención a persoas maiores de Castroverde e Pedrafita do Cebreiro, o IV Convenio Colectivo de residencias privadas da terceira idade de Galicia, a temporalidade coa duración dos convenios marcos e dos convenios específicos asinados entre os concellos e a Deputación de Lugo, o incremento dun 1,5% do IPC en cada anualidade, e unha visión técnica sobre os custos a aplicar, así mesmo estimase o custe das prestacións xa contratadas e polo tanto, a experiencia previa dos Centros de Pol, Trabada, Ribadeo e A Fonsagrada, obtense o orzamento base de licitación.

Código Seguro de Verificación	IV7GUPZIPVN5VHBLZT6BDYJSAI	Fecha y Hora	22/09/2020 13:30:59
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	SILVIA GARCÍA LÓPEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GUPZIPVN5VHBLZT6BDYJSAI	Página	12/55





O orzamento é o seguinte tendo en conta unha duración dende o 15.01.2020 ata o 20.06.2022:

CAM	CUSTOS DIRECTOS		CUSTOS INDIRECTOS	BENEFICIO INDUSTRIAL (2%)	TOTAL ORZAMENTO S/IVE	IVE (4%)	TOTAL ORZAMENTO C/IVE
	COSTE SALARIAL	OUTROS CUSTES DIRECTOS					
CASTROVERDE	803.395,80 €	182.539,24 €	38.677,70 €	20.492,260 €	1.045.105,00 €	41.804,20 €	1.086.909,20 €
PEDRAFITA	752.529,90 €	175.561,50 €	35.272,52 €	19.267,279 €	982.631,21 €	39.305,25 €	1.021.936,46 €
TOTAL ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN					2.027.736,21 €	81.109,45 €	2.108.845,66 €

- O orzamento base de licitación cunha duración dende o 15.10.2020 ata o 20.06.2022 é de **2.108.845,66 €** para ambos lotes

1. Lote 1 Castroverde 1.086.909,20 €
2. Lote 2 -Pedrafita do Cebreiro 1.021.936,46 €

- O valor estimado do contrato é o orzamento base de licitación sen IVE 2.027.736,21 € mais o 10% das posibles modificacións nas prestacións por importe de 202.773,62 €, isto é un total de **2.230.509,83 €**.

1. Lote 1 Castroverde valor estimado 1.149.615,50 €.
2. Lote 2 Pedrafita do Cebreiro, valor estimado 1.080.894,33 €

Co seguinte resumo por anualidades :

ANUALIDADE	CAM	CAM	TOTAL
	CASTROVERDE LOTE 1	PEDRAFITA DO CEBREIRO LOTE 2	
2020	127.845,80 €	126.176,43 €	254.022,23 €
2021	649.484,54 €	607.080,69 €	1.256.565,23 €
2022	309.578,86 €	288.679,34 €	598.258,20 €
TOTAL	1.086.909,20 €	1.021.936,46 €	2.108.845,66 €

E polo tanto, os prezos unitarios máximos desta licitación, para as prazas residenciais e para as prazas de atención diúrna, e incrementos de servizo son os seguintes:

CAM	Prezo unitario	IVE (4%)	PREZO IVE/ (persoa/día/unidade)
CASTROVERDE /PEDRAFITA DO CEBREIRO			
PRESTACIÓN EN ATENCIÓN RESIDENCIAL			
Persoa usuaria valorada con autonomía	32,00 €	1,28 €	33,28 €/día persoa
Persoa usuaria valorada con dependente	38,50 €	1,54 €	40,04 €/día persoa

Código Seguro de Verificación	IV7GUPZIPVN5VHBLZT6BDYJSAI	Fecha y Hora	22/09/2020 13:30:59
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	SILVIA GARCÍA LÓPEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GUPZIPVN5VHBLZT6BDYJSAI	Página	13/55





CAM CASTROVERDE /PEDRAFITA DO CEBREIRO	Prezo unitario	IVE (4%)	PREZO IVE/ (persoa/día/unidade)
PRESTACIÓN EN CENTRO DE DÍA/ATENCIÓN DIÚRNA			
Persoa xornada completa (1 comida principal e 2 secundarias)	21,00 €	0,84 €	21,84 €/día persoa
Persoa ½ Xornada (4 horas 1 comida principal e 1 secundaria)	16,00 €	0,64 €	16,64 €/día persoa
INCREMENTOS SERVIZOS DE ATENCIÓN DIÚRNA			
Comida principal	6,00 €	0,24 €	6,24 €/unidade
Comida secundaria	2,00 €	0,08 €	2,08 €/unidade
Hora extra atención	3,00 €	0,12 €	3,12 €/unidade

Os anteriores prezos unitarios, conforman o presuposto base de licitación aos efectos do art. 100 da LCSP.

De acordo co previsto no art. 102 LCSP o prezo do contrato será o que resulte da selección das ofertas presentadas e da súa adxudicación, incluído o IVE, aínda que se detalle como partida independente, separando a base impositible e o IVE.

Neste caso o prezo contractual ven formado en prezos unitarios referidos a distintos ítems de persoa usuaria/día ou unidade, tal como permite o art. 102.4 da LCSP.

Non esta previsto a revisión de prezos, de conformidade co disposto no artigo 103 do LCSP, e na propia Lei 2/2015, de 30 de marzo, de desindexación da economía española; atendendo a natureza da prestación e a duración do contrato. Por tanto, non se contempla a revisión de prezos contractual, dos artigos 105 e seguintes, aínda que na súa estimación a efectos do prezo base de licitación, se tivo en conta un incremento de custos laborais do 1,5 % anual e de antigüidade do persoal.

Isto é, o límite do gasto comprometido, a estes efectos, polo órgano de contratación. Neste prezo base de licitación enténdese incluído o IVE. Neste suposto, aplícase o tipo do 4 %, en aplicación do establecido nos artigos 20, 90 e 91 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do IVE en relación co artigo 15 da Lei 39/2006, de 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención as persoas en situación de dependencia e o decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e determínase o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, o cal constitúe un desenvolvemento especializado da mesma relación xenérica de servizos que figuran no artigo 15 da Lei 39/2006. De todas maneiras a consulta tributaria vinculante, sobre o valor engadido en residencias de maiores, plantexada por esta Deputación, recolle este tipo impositivo (V2470-18). Salientar que a amentada Lei do IVE tamén recolle a posibilidade de exención de dito imposto as prestacións de servizos de asistencia social efectuadas por entidades de dereito público ou establecementos de carácter social, segundo artigo 20.1.8 da Lei do IVE.

No prezo do contrato entenderanse incluídos todos os tributos, taxas e canons de calquera índole que sexan de aplicación, así como todos os gastos que a empresa deba realizar para o cumprimento das obrigacións contempladas

Código Seguro de Verificación	IV7GUPZIPVN5VHBLZT6BDYJSAI	Fecha y Hora	22/09/2020 13:30:59
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	SILVIA GARCÍA LÓPEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GUPZIPVN5VHBLZT6BDYJSAI	Página	14/55





nos pregos, como son os xerais, beneficios, financeiros, seguros, cotizacións, honorarios e salarios do persoal ao seu cargo.

5.1 VARIACIÓN DE PREZOS A PAGAR SEGUNDO OCUPACIÓN EFECTIVA DAS PERSOAS USUARIAS

Segundo a LCSP no seu artigo 102.6 os contratos, cando a súa natureza e obxecto permítano, poderán incluír cláusulas de variación de prezos en función do cumprimento ou incumprimento de determinados obxectivos de prazos ou de rendemento, debendo establecerse con precisión os supostos en que se producirán estas variacións e as regras para a súa determinación, de maneira que o prezo sexa determinable en todo caso.

Tendo en conta a natureza do contrato fronte o cal nos atopamos parece mais que razoable aplicar esta variación de prezos, xa que de non ser así, poderíase darse unha transferencia do risco operacional da Administración á adjudicataria, transferencia que nun contrato de servizos non se pode dar, xa que é unha característica propia das concesións de servizos ou obras, e como xa se sinalou, aquí estase a tratar dunha xestión directa do servizo, para o cal se contrata parte das prestacións, que debido as limitacións en materia orzamentaria non se poden levar a cabo con medios propios.

O criterio que se establece para a variación dos prezos está directamente vinculada cos custes derivados da contratación de persoal, entendendo que variará para todas as prestacións en función do número de ocupación dos centros. En todo caso e como criterio obxectivo de afectación directa se terá en conta a ratio en atención directa, á entender que é unha obriga de cumprimento por parte da adjudicatario e que esta variará en función do número e características dos usuarios en atención residencial. É a única variable que se verá afectada directamente en función do número e tipo de persoas usuarias a cubrir as prestacións.

Así, a Orde do 18 de abril de 1996 pola que se desenvolve o Decreto 243/1995, do 28 de xullo, no relativo á regulación das condicións e requisitos específicos que deben cumprir os centros de atención a persoas maiores da Consellería de Sanidade e Asuntos Sociais da Xunta de Galicia, establece a ratio mínima de persoal de atención directa en réxime de xornada completa que será de 0,20 por usuario en módulos destinados á atención de persoas con autonomía e de 0,35 en módulos destinados a persoas dependentes. Para o centro de día (atención diúrna) a ratio de persoal de atención directa en réxime continuado será de 1 por cada 10 usuarios, cun mínimo de dous traballadores. Así mesmo, os PPT, recollen unha presenza mínima de persoal para cada quenda é prestacións. En aplicación desta normativa establecerase o seguinte:

Lote1 Castroverde: prestacións en atención residencial.

- O número mínimo establecido para o inicio das prestacións será de 10 persoas usuarias (33 % da ocupación máxima prevista), con independencia da súa clasificación como persoas con autonomía ou dependentes.
- Dende a usuaria 10 ata a usuaria número **20** (66 % da ocupación máxima prevista) esta non engadida, aplicarase a seguinte fórmula:

Código Seguro de Verificación	IV7GUPZIPVN5VHBLZT6BDYJSAI	Fecha y Hora	22/09/2020 13:30:59
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	SILVIA GARCÍA LÓPEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GUPZIPVN5VHBLZT6BDYJSAI	Página	15/55





1. Para a facturación das prestacións a persoas dependentes:

$$P_{VD} = P + (20 - N) \times [P \times (0,35/10)]$$

2. Para a facturación das prestacións a persoas con autonomía:

$$P_{VA} = P + (20 - N) \times [P \times (0,20/10)]$$

Onde:

P: prezo adxudicación

N: número medio de usuarios totais con prestacións en atención residencial (con independencia da súa clasificación). O número medio calcularase mediante a suma do total de días de prestacións de todas as persoas residentes dividido entre o número de días naturais do mes correspondente.

P_{VD}: prezo variable dependentes.

P_{VA}: prezo variable con autonomía.

Lote1 Castroverde: prestacións en atención diúrna.

- O número mínimo establecido para o inicio das prestacións será de 6 persoas usuarias (25 % da ocupación máxima prevista).
- Dende 6 usuarias ata **18** (75 % da ocupación máxima prevista) esta non engadida, aplicarase a seguinte fórmula:

1. Para a facturación das prestacións a persoas usuarias en atención diúrna:

$$P_{VCD} = P + [(24 - N) \times (2 \times (18 - N))]$$

Onde:

P: prezo adxudicación

N: número medio de usuarios totais con prestacións en atención diúrna (con independencia da súa clasificación).

P_{VCD}: prezo variable centro de día.

Lote2 Pedrafita do Cebreiro: prestacións en atención residencial.

- O número mínimo establecido para o inicio das prestacións será de 10 persoas usuarias (33% da ocupación máxima prevista), con independencia da súa clasificación como persoas con autonomía ou dependentes.
- Dende a usuaria 10 ata a usuaria número **20** (66% da ocupación máxima prevista) esta non engadido, aplicarase a seguinte fórmula:

1. Para a facturación das prestacións a persoas dependentes:

$$P_{VD} = P + (20 - N) \times [P \times (0,35/10)]$$

2. Para a facturación das prestacións a persoas con autonomía:

Código Seguro de Verificación	IV7GUPZIPVN5VHBLZT6BDYJSAI	Fecha y Hora	22/09/2020 13:30:59	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica			
Firmado por	SILVIA GARCÍA LÓPEZ			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GUPZIPVN5VHBLZT6BDYJSAI	Página	16/55	



$$P_{VA} = P + (20 - N) \times [P \times (0,20/10)]$$

Onde:

P: prezo adxudicación

N: número medio de usuarios totais con prestacións en atención residencial (con independencia da súa clasificación).

P_{VD}: prezo variable dependentes.

P_{VA}: prezo variable con autonomía.

Lote2 Pedrafita do Cebreiro: prestacións en atención diúrna.

- O número mínimo establecido para o inicio das prestacións será de 5 persoas usuarias (25 % da ocupación máxima prevista).
- Dende 5 usuarias ata 15 (75% da ocupación máxima prevista) esta non engadida, aplicarase a seguinte fórmula:

1. Para a facturación das prestacións a persoas usuarias en atención diúrna:

$$P_{VCD} = P + [(20 - N) \times (2 \times (15 - N))]$$

Onde:

P: prezo adxudicación

N: número medio de usuarios totais con prestacións en atención diúrna (con independencia da súa clasificación).

P_{VCD}: prezo variable centro de día.

Terase en conta que por razóns de seguridade na implantación do servizo, pode ser conveniente, que aínda que existan 10 o mais persoas con resolución favorable para o acceso ao centros de atención residencial, os primeiros días se inicie a actividade con un número inferior a 10 persoas, se así o estima conveniente a persoa responsable do servizo. Neste caso, e por un período non superior a 10 días poderase facturar pola prestación de 10 persoas usuarias, aínda que este número sexa inferior. En todo caso, os servizos facturados para cumprir cos mínimos serán na categoría de persoas con autonomía.

Durante a execución do contrato ou contratos, de producirse a situación de número medio de usuarios mensual de atención residencial ou atención diúrna por debaixo dos umbrais sinalados como mínimos (CAM Castroverde – atención residencial = 10, atención diúrna = 6 e CAM Pedrafita do Cebreiro atención residencial = 10, atención diúrna = 5) continuarase utilizando as fórmulas anteriores, para estes datos de ocupación por debaixo dos umbrais de inicio da actividade.

É todo canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado.

Código Seguro de Verificación	IV7GUPZIPVN5VHBLZT6BDYJSAI	Fecha y Hora	22/09/2020 13:30:59	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica			
Firmado por	SILVIA GARCÍA LÓPEZ			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GUPZIPVN5VHBLZT6BDYJSAI	Página	17/55	



6. RESPONSABLE DO CONTRATO


A responsable dos contratos resultantes deste procedemento será a xefa da Sección de Benestar Social e Igualdade da Deputación Provincial de Lugo, asistida por unha comisión técnica de apoio (unha comisión por cada CAM), integrada por tres persoas, unha das cales será designada por cada concello sede, conforme ao previsto no respectivo convenio específico para prestacións compartidas, no marco da relación interadministrativa de cooperación.

No caso de que os servizos sociais comunitarios, no exercicio das súas funcións, teñan coñecemento de situacións ou circunstancias relativas á execución do contrato administrativo de servizos que se estime necesario poñer en coñecemento da entidade prestadora, terán a facultade de facelo a través do responsable do contrato.

A responsable do contrato lle corresponderá:

- Supervisar a execución do contrato, adoptar decisións e ditar as instrucións necesarias a fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada, dentro do ámbito de facultades que o órgano de contratación lle atribúa.
- Supervisar a coordinación das distintas prestacións obxecto do contrato.
- Control e seguimento das prestacións de asistencia obxecto do contrato.
- Realizar o seguimento e control da dotación de persoal e cobertura das prestacións obxecto de contrato.
- Propoñer ao órgano de contratación a resolución das incidencias xurdidas na execución do contrato, seguindo o procedemento establecido no artigo 97 do RXLCAP.
- Propoñer a imposición de penalidades.
- Propoñer o exercicio das prerrogativas contidas no artigo 190 e seguintes da LCSP.
- Establecer as directrices oportunas en cada caso, podendo requirir ó adxudicatario, en calquera momento, a información que precise acerca do estado de execución do obxecto do contrato, das obrigas do adxudicatario, e do cumprimento dos prazos e actuacións.
- Asistir aos actos de recepción e subscribir a/s acta/s de recepción (ou documento que acredite a conformidade ou desconformidade no cumprimento) e, de ser o caso, dar ou non a conformidade ás facturas presentadas.
- Dirixir instrucións ao contratista sempre que non supoña unha modificación do obxecto do contrato nin se opoña ás disposicións en vigor ou ás derivadas dos pregos e demais documentos contractuais.
- Informar as facturas a pagar ao adxudicatario, previo informe do responsable do centro sobre a correcta execución da prestación, isto é, un informe relativo á facturación que se derive das prestacións executadas e realizadas polas entidade/s adxudicataria/s, sinalando expresamente, si estas prestacións, foron realizadas

Código Seguro de Verificación	IV7GUPZIPVN5VHBLZT6BDYJSAI	Fecha y Hora	22/09/2020 13:30:59
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	SILVIA GARCÍA LÓPEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GUPZIPVN5VHBLZT6BDYJSAI	Página	18/55





conforme aos criterios de adxudicación, e si se axustan tanto en cantidade como en prezo, e polo tanto se é favorable para a súa conformidade.

Con carácter xeral, salvo o establecido para casos específicos na lexislación, cantas incidencias xurdan entre a Deputación Provincial de Lugo e o contratista na execución do contrato por diferenzas de interpretación do convindo ou por necesidade de modificar as condicións contractuais, tramitaranse mediante expediente contradictorio, que comprenderá preceptivamente as actuacións estipuladas polo artigo 97 do RCAP.

A persoa responsable do contrato poderá levar a cabo as funcións sinaladas fronte a adxudicataria, mediante a figura do responsable do centro, en aras de asegurar unha maior dilixencia nas actuacións e en beneficio da calidade das prestacións.

7. VOGAIS DA MESA DE CONTRATACIÓN


Funcionario/a ou persoal laboral fixo integrado no servizo, sección ou unidade que propoña o expediente de contratación:

- Titular: Dona Iria Lamazares Fernández, Traballadora Social da sección de Benestar e Igualdade da Deputación Provincial de Lugo
- Suplente: Don Jesús Manuel Reguera López, Coordinador Xefe II Apoio e Asuntos Sociais da sección de Benestar e Igualdade

Código Seguro de Verificación	IV7GUPZIPVN5VHBLZT6BDYJSAI	Fecha y Hora	22/09/2020 13:30:59	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica			
Firmado por	SILVIA GARCÍA LÓPEZ			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GUPZIPVN5VHBLZT6BDYJSAI	Página	19/55	



ANEXOS.

Código Seguro de Verificación	IV7GUPZIPVN5VHBLZT6BDYJSAI	Fecha y Hora	22/09/2020 13:30:59	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica			
Firmado por	SILVIA GARCÍA LÓPEZ			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GUPZIPVN5VHBLZT6BDYJSAI	Página	20/55	



CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN E PONDERACIÓN DOS MESMOS (extensión da memoria, máximo de 50 follas a unha cara ou 25 follas a dúas caras, tipo letra Arial, tamaño letra 10, espaciado entre liñas e parágrafos mínimo 1,15).

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN PUNTUACIÓN MÁXIMA

A. CRITERIOS CUALITATIVOS CUANTIFICABLES MEDIANTE CIFRAS, PORCENTAXES OU VALORES AUTOMÁTICOS

CUANTITATIVO A1. OFERTA ECONÓMICA: PREZO	40
CUALITATIVO	
A.2.1 CRITERIO Nº 3: COMPROMISO DE APLICACIÓN DE MEDIDAS CONCRETAS DE CONFORT AMBIENTAL E SUSTENTABILIDADE: HORTO TERAPÉUTICO.	3
A.2.2 CRITERIO Nº 4: COMPROMISO CONTRATACIÓN PERSOAL POLA AXENCIA COLOCACIÓN	3
A.2.3 CRITERIO Nº 5: COMPROMISO DE ACHEGA GRATUÍTA Á EXECUCIÓN DO CONTRATO DE SOPORTES E AXUDAS TÉCNICAS PARA OS/AS USUARIOS/AS DO CENTRO	2
A.2.4 CRITERIO Nº 6: COMPROMISO DA CONTRATACIÓN DE PERSOAL PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE OCIO E TEMPO LIBRE.	15
A.2.5 CRITERIO Nº 7: PLAN ANUAL DE SAÍDAS OU EXCURSIÓNS COAS PERSOAS USUARIAS DO CAM AO OBXECTO DE PROMOVER A CULTURA E O OCIO	2
A.2.6 CRITERIO Nº 8: PRESTACIÓNS COMPLEMENTARIAS OFERTADAS, NON INCLUÍDAS DENTRO DO OBXECTO DO CONTRATO.	5
TOTAL CRITERIOS CUALITATIVOS MEDIANTE FÓRMULA MATEMÁTICA	30

A. TOTAL CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS

70

B. CRITERIOS CUALITATIVOS, CUANTIFICABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR

CUALITATIVO B.1. CRITERIO Nº 1: CALIDADE TÉCNICA DA PROPOSTA PARA AS PRESTACIÓNS CONTRATADAS:	26
1.1.- Coherencia, racionalidade, estrutura e detalle da proposta	12
1.2.- Organización, descrición e planificación das prestacións	7
1.3.- Calidade prestacional	7
B.2. CRITERIO Nº 2: CALIDADE TÉCNICA DA PROPOSTA DOS PRODUTOS ALIMENTICIOS NO ÁMBITO DA SUSTENTABILIDADE E DA CALIDADE	4
2.1.- Valorarase a proposta dos menús extraordinarios	2
2.2.- Valorarase o compromiso expreso de incluír nos menús produtos de proximidade	1
2.3.- Valorarase a proposta de manutención e dietas, a partir dos requisitos mínimos esixidos na cláusula 4	1

B. TOTAL CRITERIOS CUALITATIVOS, CUANTIFICABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR

30

A+B CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN PUNTUACIÓN MÁXIMA

100

Código Seguro de Verificación	IV7GUPZIPVN5VHBLZT6BDYJSAI	Fecha y Hora	22/09/2020 13:30:59
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	SILVIA GARCÍA LÓPEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GUPZIPVN5VHBLZT6BDYJSAI	Página	21/55



**CRITERIO Nº 1: CALIDADE TÉCNICA DA PROPOSTA PARA AS PRESTACIÓNS CONTRATADAS: Ponderación do 26 % do total. Puntuación: 0-26 puntos.**

Os aspectos e elementos concretos que se tomarán en consideración para avaliar a maior ou menor calidade das propostas sometidas a valoración, neste criterio, son as seguintes, ordenados como subcriterios:

1.1.- Coherencia, racionalidade, estrutura e detalle da proposta: Definición e descrición do modelo prestacional: principios de organización e de atención aos usuarios; explicación e definición das actuacións que levará a cabo o contratista para desenvolver adecuadamente as prestacións contratadas; adaptación da proposta ás necesidades específicas dos usuarios do centro; estratexias de entrada á realización da prestación e saída da mesma; actuacións e medidas para garantir a autonomía das persoas usuarias, a súa motivación, o fomento da súa responsabilidade na toma de decisións; estratexias para favorecer que as persoas usuarias realicen actividades significativas, útiles e que estean dentro da súa cosmovisión (actividades que estean presentes na súa historia de vida e forma de expresión). Deberá incluírse un cadro cos recursos humanos e recursos materias destinados para levar a cabo as propostas descritas, que permita unha comprobación da viabilidade e idoneidade, así como, do seu cumprimento no caso de ser adxudicataria. Valorarase o detalle, calidade expositiva e coherencia das actuacións/medidas, etc. propostos.

Ponderación: 12 %. Puntuación: 0-12.

1.2.- Organización, descrición e planificación das prestacións: Incluirá a relación dos medios persoais e materiais adscritos a execución do contrato, segundo o disposto na cláusula 7.2.6 deste PCAP e no propio PPT. Proposta de organización e planificación detallada e diaria das prestacións a realizar e metodoloxía de traballo nos que se establezan horarios e funcións concretas relacionadas coa alimentación, co apoio as actividades da vida diaria, la lavandería e limpeza. Atenderase á descrición pormenorizada do plan de traballo para cada unha das prestacións con indicación das actuacións e/ou tarefas que comprende cada un deles; así mesmo atenderase á exposición dos principios, obxectivos e metodoloxía de traballo; ás medidas de coordinación entre as prestacións obxecto de contrato e ás que no seu caso se establezan para coordinar as actuacións e relacións entre as súas responsables. Proposta de protocolos de actuación de obrigada realización segundo a cláusula 3.4.1 dos PPT, con indicación da súa implementación, avaliando positivamente a implantación de medios tecnolóxicos para procurar a eficacia e eficiencia nos cumprimentos dos mesmos. Estes protocolos deberán respectar os parámetros fixados coa condición de mínimos na cláusula 3.4.1 do PPT. Deberase incluír un cadro cos recursos humanos e recursos materias destinados para levar a cabo as accións propostas, que permita unha comprobación da viabilidade e idoneidade, así como, do seu cumprimento no caso de ser adxudicataria. Valorarase o detalle, calidade expositiva e coherencia do proposto.

Ponderación: 7%. Puntuación: 0-7

1.3.- Calidade prestacional: Actuacións encamiñadas a mellorar a calidade nas prestacións contratadas. Procedementos de avaliación e control da calidade tales como realización de auditorías, espazos de supervisión profesional, protocolos de atención aos usuarios/as, que non sexan de obrigada cumprimento, e dentro das prestacións obxecto do contrato. Actuacións para a concienciación da importancia do bo clima laboral das persoas traballadoras pertencentes a adxudicataria: especificaranse as actividades que se fagan neste sentido, co fin de que

Código Seguro de Verificación	IV7GUPZIPVN5VHBLZT6BDYJSAI	Fecha y Hora	22/09/2020 13:30:59
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	SILVIA GARCÍA LÓPEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GUPZIPVN5VHBLZT6BDYJSAI	Página	22/55





redunde nunha calidade maior na atención ás persoas usuarias. Implantación das novas tecnoloxías na promoción da autonomía persoal: actuacións, ferramentas ou materiais complementarios baseados nas novas tecnoloxías para a promoción da autonomía persoal. Valorarase o detalle, calidade expositiva e coherencia das actuacións, medidas e procedementos propostos para a avaliación da calidade dos servizos, así como a súa repercusión na calidade de vida das persoas usuarias do centro e a expresión dos métodos de control e seguimento.

Ponderación: 7 %. Puntuación: 0-7.

CRITERIO Nº 2: CALIDADE TÉCNICA DA PROPOSTA DOS PRODUTOS ALIMENTICIOS NO ÁMBITO DA SUSTENTABILIDADE E DA CALIDADE. Ponderación do 4% do total. Puntuación: 0-4 puntos. Os aspectos e elementos concretos que se tomarán en consideración para avaliar a maior ou menor calidade das propostas sometidas a valoración son os seguintes:

2.1.- Valorarase a proposta dos menús extraordinarios indicados nos PPT elaborados con alimentos baseados na tradición gastronómica local, así como na tradición cultural de cada festividade, adaptada as persoas usuarias de cada centro.

Ponderación: 2 %. Puntuación: 0-2.

2.2.- Valorarase o compromiso expreso de incluír nos menús produtos de proximidade, de tempada, con certificación de denominación de orixe, procedentes da agricultura e gandería sostible, e/ou con métodos de produción tradicional, a maiores dos mínimos especificados na cláusula 4 do PPT. Acreditarase mediante a relación dos posibles provedores, con indicación da información necesaria e suficiente para xustificar cumprimento dos criterios sinalados.

Ponderación: 1%. Puntuación: 0-1.

2.3.- Valorarase a proposta de manutención e dietas, a partir dos requisitos mínimos esixidos na cláusula 4 dos PPT.

Ponderación: 1%. Puntuación: 0-1.

Só se valorarán os alimentos e produtos ofertados pola adjudicataria neste apartado que sexan de utilización ou aplicación real e efectiva. A súa adquisición e uso será de obrigada subministración e esixibles ao contratista sen custo adicional algún para a Administración. Deberá incluírse un cadro resumo do ofertado para cada subcriterio, que permita unha comprobación da viabilidade e idoneidade, así como, do seu cumprimento no caso de ser adjudicataria.

CRITERIO Nº 3: COMPROMISO DE APLICACIÓN DE MEDIDAS CONCRETAS DE CONFORT AMBIENTAL E SUSTENTABILIDADE: HORTO TERAPÉUTICO. Ponderación: 3 % do total. Puntuación: 0-3.

Co obxecto de mellorar o benestar das persoas usuarias a través de actividades relacionadas coas plantas (hortícolas e aromáticas), puntuarase con 3 puntos á entidade adjudicataria que presente unha planificación e posta en marcha de

Código Seguro de Verificación	IV7GUPZIPVN5VHBLZT6BDYJSAI	Fecha y Hora	22/09/2020 13:30:59
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	SILVIA GARCÍA LÓPEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GUPZIPVN5VHBLZT6BDYJSAI	Página	23/55





medidas de creación dun horto terapéutico, baixo criterios de sustentabilidade ambiental e respecto pola biodiversidade, atendendo ao emprego preferentemente de plantas de vexetación autóctona e adaptado ás características climáticas onde se sitúa o CAM e priorizando organismos non modificados de forma xenética na selección de plantas acordes á estación natural que corresponda.

A entidade adxudicataria, tanto para o Lote 1 Castroverde como para o Lote 2 Pedrafita do Cebreiro, porá a disposición oos elementos que se mencionan de seguido, sendo a adquisición e uso destes elementos e produtos de obrigada subministración e esixibles. A entidade adxudicataria deberá de substituír e repoñer o equipamento necesario para que o horto se atope en condicións de seguridade para a utilización por parte das persoas usuarias.

Para o Lote 1: Castroverde, achéganse planos do patio interior con medidas do mesmo para unha mellor proposta de planificación do horto terapéutico

Para o Lote 2: Pedrafita do Cebreiro, achégase planos do espazo exterior onde se situará o horto terapéutico.

Equipamento e ferramentas:

CONCEPTO	UNIDADES
Mesa de cultivo Tamaño Alto 80cm. Largo 200 cm. Ancho 80 cm. Capacidade 270 L. Profundidade da caixa 20 cm. Con malla xeotextil. Fabricado en madeira.	3
Xardín vertical: 90 L capacidade. Medidas: 120x21x50 mm. Inclúe tea xeotextil para unha correcta drenaxe de auga. Fabricada en piñeiro nórdico de crecemento lento. Tratamento autoclave nivel 4. Apto para uso exterior. Peso 11Kg	2
Substrato	810 litros
Composteiro: Capacidade 2.000 litros. Cor verde. Base Octogonal Ø 178 cm . Altura 113 cm. Peso 42 Kg. Material Plástico reciclado e reciclable. Sistema de ventilación mediante orificios laterais. Paredes térmicas de 10 mm de espesor. 8 Paredes de dúas follas con abertura total e parcial.	1

Ferramentas:

CONCEPTO	UNIDADES
Plantador de punta de man. Dimensións (longo, ancho e alto)290 x 120 x 32mm PESO180 g	3
Cultivador manual, 3 dentes. Mango de madeira,pintura epoxi	3
Aixada pequena forxada en aceiro de dúas púas con mango de madeira. . De 38. 5CM de largo	3
Anciño (<i>cast. rastrillo</i>) de man. Dimensións: 310 x 110 x 60 mm (alto x ancho x profundidade)	3
Tesoira de podar ergonómica e non escorregadizo de corte ata 25mm	3
Regadeira plástica de 3 litros	3

Calendario de mantemento:

Código Seguro de Verificación	IV7GUPZIPVN5VHBLZT6BDYJSAI	Fecha y Hora	22/09/2020 13:30:59	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica			
Firmado por	SILVIA GARCÍA LÓPEZ			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GUPZIPVN5VHBLZT6BDYJSAI	Página	24/55	



ESTACIÓN	LABORES MANTEMENTO	MATERIAIS
OUTONO	Realizar un abundante abonado de fondo. Trasplantar e sementar a horta de outono e inverno. Trasplantar aromáticas e arbustos. Facer labores superficiais. Aporcar plantas	Fertilizante Sementes e plantas
INVERNO	Facer sementeiros e transplantes de cultivos de primavera/verán. Fabricar invernadoiros. Deseñar a horta de verán. Facer labras superficiais. Transplantar arbustos e aromáticas. Instalar micro tunes ou mantas térmicas. Aporcar plantas	Mantas térmicas Túnel de cultivo
PRIMAVERA	Preparar a terra, abonala, aireala. Facer un abonado de fondo onde sexa posible. Facer sementeiros e transplantes dos cultivos de verán. Desherbar. Control biolóxico de pragas. Sementa de flores. Facer labra superficial. Mantas térmicas e microtúneles. Ir substituíndo paulatinamente a horta de outono-inverno pola de primavera-verán. <i>Entutorar</i> plantas Aporcar plantas	Fertilizante plantas Estacas para entutorar
VERÁN	Facer sementeiros e transplantes dos cultivos de outono/ inverno. Eliminar as malas herbas (desherbar). Control biolóxico de pragas. Recollida de sementes de flores. Deseño de horta de inverno. Labra superficial. Abonado. Podar Eliminar restos de froitos mortos e de matas secas. <i>Entutorar</i> Poda de solanáceas. Aporcar solanáceas (patacas, tomate, pemento) e coles	Fertilizante plantas Estacas para entutorar

Este criterio será obxecto de comprobación trimestralmente. No caso de non cumprirse o establecido neste criterio, descontarase á adjudicataria do pagamento da factura correspondente, tendo en conta as seguintes valoracións económicas.

CONCEPTO	PREZO UNIDADE
Mesa de cultivo Tamaño Alto 80cm. Largo 200 cm. Ancho 80 cm. Capacidade 270 L. Profundidade da caixa 20 cm. Con malla xeotextil. Fabricado en madeira.	177,00€
Xardín vertical: 90 L capacidade. Medidas: 120x21x50 mm. Inclúe tea xeotextil para unha correcta drenaxe de auga. Fabricada en piñeiro nórdico de crecemento lento. Tratamento autoclave nivel 4. Apto para uso exterior. Peso 11Kg	130,00€
Substrato 810 litros	2,00€

Código Seguro de Verificación	IV7GUPZIPVN5VHBLZT6BDYJSAI	Fecha y Hora	22/09/2020 13:30:59
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	SILVIA GARCÍA LÓPEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GUPZIPVN5VHBLZT6BDYJSAI	Página	25/55





CONCEPTO	PREZO UNIDADE
Composteiro: Capacidade 2000 litros. Cor verde. Base Octogonal Ø 178 cm . Altura 113 cm. Peso 42 Kg. Material Plástico reciclado y reciclable. Sistema de ventilación mediante orificios laterais. Paredes térmicas de 10 mm de espesor. 8 Paredes de dúas follas con abertura total e parcial.	387,28€

CONCEPTO	PREZO UNIDADE
Plantador de punta de man. Dimensións (longo, ancho e alto)290 x 120 x 32mm PESO180 g	6,00€
Cultivador manual, 3 dentes. Mango de madeira,pintura epoxi	9,00€
Aixada pequena forxada en aceiro de dúas púas con mango de madeira. . De 38. 5CM de largo	6,00€
Anciño (<i>cast. rastrillo</i>) de man. Dimensións: 310 x 110 x 60 mm (alto x ancho x profundidade)	8,00€
Tesoira de podar ergonómica e non escorregadizo de corte ata 25mm	25,00€
Regadeira plástica de 3 litros	10,00€

ESTACIÓN	LABORES MANTEMENTO	MATERIAIS	PREZO
OUTONO	Realizar un abundante abonado de fondo. Trasplantar e sementar a horta de outono e inverno. Trasplantar aromáticas e arbustos. Facer laboreos superficiais. Aporcar plantas	Fertilizante Sementes e plantas	69,00€
INVERNO	Facer sementeiros e transplantes de cultivos de primavera/verán. Fabricar invernadoiros. Deseñar a horta de verán. Facer labras superficiais. Transplantar arbustos e aromáticas. Instalar micro tunes ou mantas térmicas. Aporcar plantas	Mantas térmicas Túnel de cultivo	36,00€
PRIMAVERA	Preparar a terra, abonala, aireala. Facer un abonado de fondo onde sexa posible. Facer sementeiros e transplantes dos cultivos de verán. Deshabar. Control biolóxico de pragas. Sementa de flores. Facer labra superficial. Mantas térmicas e microtúneles. Ir substituíndo paulatinamente a horta de outono-inverno pola de primavera-verán. <i>Entutorar</i> plantas Aporcar plantas	Fertilizante plantas Estacas para entutorar	200,00€

Código Seguro de Verificación	IV7GUPZIPVN5VHBLZT6BDYJSAI	Fecha y Hora	22/09/2020 13:30:59
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	SILVIA GARCÍA LÓPEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GUPZIPVN5VHBLZT6BDYJSAI	Página	26/55





ESTACIÓN	LABORES MANTEMENTO	MATERIAIS	PREZO
VERÁN	Facer sementeiros e transplantes dos cultivos de outono/ inverno. Eliminar as malas herbas (desherbar). Control biolóxico de pragas. Recollida de sementes de flores. Deseño de horta de inverno. Labra superficial. Abonado. Podar Eliminar restos de froitos mortos e de matas secas. <i>Entutorar</i> Poda de solanáceas. Aporcar solanáceas (patacas, tomate, pemento) e coles	Fertilizante plantas Estacas para entutorar	100,00€

O horto terapéutico ten unha superficie total de **4,5** metros cadrados con un valor total de **2.798,28 euros**

O custe do metro cadrado establécese en 621,84 €

Custo do metro cadrado	621,84 €
Mantemento anual	405 ,00€
Total:	1.023,84 €

HORTO TERAPÉUTICO	PUNTUACIÓN
- NON presentación dunha planificación recollendo os elementos descritos no criterio 3 para a posta en marcha dun horto terapéutico no centro.	0 puntos
c.2.2) Para cada centro de atención residencial cunha ocupación superior a 14 usuarios/as e ata 20 usuarios/as, ambos incluídos, a adjudicataria garantirá a presenza de persoal dedicado ás prestacións de limpeza, lavandería e xestión de roupa, como mínimo de 1 traballadores/as na quenda de mañá e na quenda de tarde, incrementándose esta presenza en alúmenos 8 horas de xornada presencial ao día segundo o establecido nos cupos de traballo deseñados pola delegada da contratista e da coordinadora do centro.

c.2.3) Para cada centro de atención residencial cunha ocupación superior a 20 usuarios/as e ata 30 usuarios/as, ambos incluídos, a adjudicataria garantirá a presenza de persoal dedicado ás prestacións de limpeza, lavandería e xestión de roupa, como mínimo de 1 traballadores/as na quenda de mañá e na quenda de tarde, incrementándose esta presenza en alúmenos 16 horas de xornada presencial ao día segundo o establecido nos cupos de traballo deseñados pola delegada da contratista e da coordinadora do centro.

c.2.4) Para o centro de atención diúrna, incrementarase ás horas correspondentes ao establecido para o centro residencial no que está integrado en 2 horas ao día de xornada de luns a venres e dentro do horario de apertura.

D) A entidade adjudicataria garantirá que o persoal contratado posúa as acreditacións profesionais e de formación para o desempeño de cada posto de traballo (titulación en restauración-cociña ou certificado de profesionalidade; carné de manipulador de alimentos vixente; primeiros auxilios, prevención de riscos laborais; certificado do Rexistro central de Delincuentes sexuais, etc.)

Código Seguro de Verificación	IV7GUPZIPVN5VHBLZT6BDYJSAI	Fecha y Hora	22/09/2020 13:30:59	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica			
Firmado por	SILVIA GARCÍA LÓPEZ			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GUPZIPVN5VHBLZT6BDYJSAI	Página	42/55	


**PENALIDADES ESPECÍFICAS**

Se as infraccións que a continuación se indican son trasladadas á contratista e esta non establece unha resolución dilixente e oportuna, incrementaran a súa penalidade sendo penalizada coma unha infracción superior á que se estaba a producir.

INFRACCIÓNS LEVES

1. Incumprimento pola entidade adxudicataria do contemplado no regulamento de réxime interno, ou nas normas de funcionamento, que pola súa natureza ou gravidade non afecte ao respecto dos dereitos das persoas usuarias de xeito grave o moi grave.
2. A interrupción ou atraso na execución das prestacións, por causas non xustificadas e sempre que non sexa reiteradas.
3. A omisión ou deficiencias leves no desenvolvemento e na aplicación dos programas individuais de atención de cada persoa usuaria por parte da persoa xerocultora de referencia.
4. Condutas de simple descoído das que non se deriven danos nin prexuízos.
5. A falta de dilixencia na resposta da entidade adxudicataria nas peticións efectuadas polo/a responsable do CAM, realizadas ao obxecto de mellorar o funcionamento das prestacións e/ou atención as persoas usuarias, sempre que non se considere como infracción grave ou moi grave pola repercusión no benestar da persoa usuaria.
6. A falta de resposta ou dilixencia no envío da documentación requirida no PPT ou nos PCAP, con especial mención de altas ou ceses de traballadores/as, sempre que non se considere infracción grave o moi grave.
7. O non uso de uniforme propio e diferenciado por categorías, así como a ausencia de identificación das categorías profesionais dos/as traballadores/as da entidade adxudicataria que desenvolven labores no CAM.
8. Non lle facilitar ao persoal da entidade adxudicataria o material suficiente e axeitado, para levar a cabo a correcta execución das prestacións tendo en conta o contido nos PPT, con especial mención á roupa de traballo e os EPI, sempre que non supoña un grave ou moi grave incumprimento do establecido na lexislación sobre riscos laborais.
9. O atraso no aboamento dos salarios dos e das traballadoras da adxudicataria, conforme ás condicións establecidas nos Convenios colectivos sectoriais en vigor, que lles resultan de aplicación durante a execución do contrato alúmenos de 15 días naturais ao respecto da data habitual na que se realiza o pago do salario.
10. Presentar unha excesiva rotación na contratación de persoal non xustificada que inflúa no desempeño das prestacións obxecto do contrato. Para avaliar este suposto, a responsable do CAM emitirá informe dos casos

Código Seguro de Verificación	IV7GUPZIPVN5VHBLZT6BDYJSAI	Fecha y Hora	22/09/2020 13:30:59
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	SILVIA GARCÍA LÓPEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GUPZIPVN5VHBLZT6BDYJSAI	Página	43/55





nos que se sospeite dunha rotación non xustificada e dará conta do nivel de prexuízo na correcta execución de prestación. No caso de non emisión de informe, entenderase que esta rotación non afecta negativamente ao funcionamento das prestacións e non estará suxeita a réxime de infraccións.

11. Ausencia puntual de persoal non substituída, faltas leves de puntualidade ou abandono inxustificada dunha actividade nunha única ocasión. Nestes casos, impoñeráse á adxudicataria, ademais da penalización que proceda, a obrigación de restitución do déficit da hora contabilizada como non traballada e detraéndoa da factura correspondente ao mes en que corresponda. En todo caso, tomarase como referencia o valor da hora efectiva de traballo da categoría profesional que corresponda.
12. O incumprimento dos horarios e quendas de traballo establecidos nos PPT ou na oferta, cunha repercusión horaria igual ou inferior a 5 horas en cómputo mensual. As horas deberán recuperarse ou serán descontadas dos aboamentos correspondentes, nas condicións precisadas no apartado precedente.

Neste caso, imporase ao contratista ademais da penalización que proceda, a obriga de restitución do déficit das horas contabilizadas como non traballadas.

13. As infraccións leves de normas laborais, tributarias ou administrativas.
14. A non reposición por rotura, perda ou estrago de roupa das persoas usuarias, a causa de negligencia da prestación de lavandería, que repercuta na satisfacción da persoa usuaria, non levando a cabo as orientacións da responsable do CAM para a mellora da prestación.
15. A non reparación ou replazo dos elementos do CAM estragados por un mal uso valorados ata 1.000€.
16. Deficiencias na calidade dos alimentos ou na prestación do servizo de manutención que non afecte a saúde das persoas usuarias, pero que se derive dun incumprimento puntual e non reiterado do estipulado nos PPT sen que a entidade iniciara as actuacións propostas.
17. Non comunicar ao persoal da Deputación de Lugo os danos ou deficiencias detectadas nas instalacións que eviten un deterioro de gravidade nas instalacións.
18. A falta leve de consideración, respecto ou amabilidade **non reiterada**, cara as persoas usuarias por parte do persoal da adxudicataria.
19. As condutas que impliquen sempre descoído e das que non se deriven danos.
20. Incumprimento nunha única ocasión das instrucións dadas polo Órgano de Contratación ou polo responsable do contrato, relativas á correcta execución das prestacións.
21. En xeral, o incumprimento ou defectuoso cumprimento de calquera das condicións deste prego e do PPT que non constitúan falta grave ou moi grave, ou das indicación da persoa responsable do CAM, ou dos/as técnicos/as da Deputación de Lugo, a comisión de actos que repercutan negativamente na imaxe do Centro,

Código Seguro de Verificación	IV7GUPZIPVN5VHBLZT6BDYJSAI	Fecha y Hora	22/09/2020 13:30:59	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica			
Firmado por	SILVIA GARCÍA LÓPEZ			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GUPZIPVN5VHBLZT6BDYJSAI	Página	44/55	



ou supoñan unha irregular execución das prestacións, sen que polo seu grado de importancia non se poidan cualificar de graves o moi graves.

22. A comisión de faltas non contempladas en ningún dos anteriores apartados que a xuízo da Deputación de Lugo merezan a consideración de falta leves.

INFRACCIÓNS GRAVES

Terán a consideración de infraccións graves:

1. A comisión reiterada de faltas leves. Enténdese por reiteración a comisión de dúas ou mais faltas leves da mesma clase ou catro de distinta natureza nun período de seis meses.
2. A interrupción na prestación de calquera dos servizos sen causa xustificada e de maneira reiterada.
3. O incumprimento de acordos ou decisións municipais sobre variacións de detalle do servizo que non impliquen gastos para o contratista.
4. A falta de colaboración coa Deputación de Lugo para que se cumpran cos criterios indicados no Protocolo de Inspección de centros de maiores sempre que non supoña infracción moi grave.
5. A non resposta, mala coordinación e/ou insuficiente colaboración co persoal técnico da Deputación de Lugo, para mellorar a adaptabilidade ao modelo de xestión dos protocolos da adjudicataria que se especifican nos PPT.
6. A falta de dilixencia na resposta da entidade adjudicataria nas peticións efectuadas polo/a responsable do CAM, realizadas ao obxecto de mellorar o funcionamento das prestacións e/ou atención as persoas usuarias, sempre que non se considere como infracción moi grave pola repercusión no benestar da persoa usuaria.
7. Non facilitar á Administración as tarefas de inspección e control do servizo.
8. A conduta negligente da que se deriven danos de escasa entidade para o servizo, a administración ou as persoas usuarias.
9. Non lle facilitar á Deputación de Lugo os datos que se lle requiran.
10. O incumprimento do regulamento de réxime interno ou das normas de funcionamento cando ocasionen prexuízos notorios na prestación do servizo ou produzan danos ou prexuízos graves a outras persoas usuarias ou ao persoal traballador.
11. O atraso nos horarios ou graves irregularidades reiteradas na forma da prestación.


Código Seguro de Verificación	IV7GUPZIPVN5VHBLZT6BDYJSAI	Fecha y Hora	22/09/2020 13:30:59	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica			
Firmado por	SILVIA GARCÍA LÓPEZ			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GUPZIPVN5VHBLZT6BDYJSAI	Página	45/55	



12. A omisión ou deficiencias graves no desenvolvemento e aplicación dos programas individuais de atención de cada persoa usuaria pola persoa xerocultora de referencia.
13. Non dispoñer dos protocolos establecidos nos PPT no CAM ou de estar dispoñibles, non levar a cabo o seu cumprimento, sempre que pola gravidade da súa consecuencia non se tipifique como infracción moi grave.
14. A falta de resposta ou dilixencia no envío da documentación requirida no PPT ou nos PCAP, con especial mención de altas ou ceses de traballadores/as, sempre que non se considere infracción moi grave.
15. O incumprimento do establecido nos PPT, con especial observancia do recollido nos pregos sobre a execución da prestación de actividades de vida diaria, limpeza, lavandería e pasado de ferro e manutención e dietas especiais.
16. O incumprimento da proposta realizada pola adxudicataria en relación aos criterios de mellora dos PCAP.
17. A falta de trato amable, incorrecto ou irrespectuoso por parte do persoal da entidade adxudicataria, que garanta a confortabilidade da persoa usuaria e/ou da súa rede de apoio reiteradas, sempre que non se constituía como infracción moi grave.
18. Ausencias de persoal non substituídas, faltas graves de puntualidade ou abandono inxustificado do posto de traballo alúmenos en dúas ocasións. Nestes casos, impoñeráse á adxudicataria, ademais da penalización que proceda, a obrigación de restitución do déficit das horas contabilizadas como non traballadas e detraéndoa da factura correspondente ao mes en que corresponda. En todo caso, tomarase como referencia o valor da hora efectiva de traballo da categoría profesional que corresponda.

O incumprimento dos horarios e quendas de traballo establecidos nos PPT ou na oferta, cunha repercusión horaria igual ou inferior a 10 horas en cómputo mensual. As horas deberán recuperarse ou serán descontadas dos aboamentos correspondentes, nas condicións precisadas no apartado precedente.
19. As infraccións graves de normas laborais, tributarias ou administrativas.
20. Non levar a cabo as prestacións tendo en conta o recollido nos PPT, en especial ao respecto dos horarios do centro e valoracións efectuadas polo equipo interprofesional.
21. Deficiencias na calidade dos alimentos ou na prestación do servizo de manutención que non afecte a saúde das persoas usuarias, pero que se derive dun incumprimento leve reiterado do estipulado nos PPT sen que a entidade iniciara as actuacións propostas.
22. Non dispoñer do equipamento básico e necesaria para levar a cabo a correcta prestación de manutención e dietas especiais, tal e como se estipula nos PPT sempre que non se consideren imprescindibles pero si necesarios para garantir a calidade do servizo.

Código Seguro de Verificación	IV7GUPZIPVN5VHBLZT6BDYJSAI	Fecha y Hora	22/09/2020 13:30:59
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	SILVIA GARCÍA LÓPEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GUPZIPVN5VHBLZT6BDYJSAI	Página	46/55





23. Non lle facilitar ao persoal da entidade adxudicataria o material suficiente e axeitado, para levar a cabo a correcta execución das prestacións tendo en conta o contido nos PPT, con especial mención á roupa de traballo e os EPI, sempre que supoña un grave incumprimento do establecido na lexislación sobre riscos laborais.
24. A non reparación ou replazo dos elementos do CAM estragados por un mal uso valorados dende 1.000,01€ ata 3.000€.
25. A falta de aboamento de 1 a 2 meses dos salarios dos e das traballadoras da adxudicataria, conforme ás condicións establecidas nos Convenios colectivos sectoriais en vigor, que lles resultan de aplicación durante a execución do contrato.
26. Falta de abono dos impostos, tributos, taxas e falta de entrega de documentos técnicos que a adxudicataria estivese na obrigaón de aboar e/ou elaborar como xestor das prestacións obxecto do contrato establecidas nos PPT.
27. Incumprimento de adecuada identificación do persoal e utilización de roupa de traballo facilitada pola entidade adxudicataria, nun abano superior a 2% dos empregados e igual ou inferior ao 10% adscritos a execución do contrato, en menos de cinco ocasións, en computo semestral.
28. Non aportar algún dos medios tanto materias como persoais relacionados nos PPT ou ofertados na oferta da adxudicataria, que non sexa n considerados imprescindibles.
29. En xeral, o incumprimento ou defectuoso cumprimento de calquera das condicións deste prego e do PPT, ou das indicación da persoa responsable do CAM, ou dos/as técnicos/as da Deputación de Lugo, a comisión de actos que repercutan negativamente na imaxe do Centro, ou supoñan unha irregular execución das prestacións, sen que polo seu grado de importancia non se poidan cualificar de leves o moi graves.
30. A comisión de faltas non contempladas en ningún dos anteriores apartados que a xuízo da Deputación de Lugo, merezan a consideración de falta grave.

INFRACCIÓNS MOI GRAVES

Terán a consideración de infraccións moi graves:


1. A comisión reiterada de faltas graves. Enténdese por reiteración a comisión de dúas ou mais faltas grave da mesma clase ou catro de distinta natureza nun período dun ano.
2. A paralización ou interrupción da prestación do servizo, inxustificada e sen aviso previo, salvo extrema urxencia da medida ou forza maior.

Código Seguro de Verificación	IV7GUPZIPVN5VHBLZT6BDYJSAI	Fecha y Hora	22/09/2020 13:30:59	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica			
Firmado por	SILVIA GARCÍA LÓPEZ			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GUPZIPVN5VHBLZT6BDYJSAI	Página	47/55	



3. Non levar a cabo de xeito reiterado as prestacións tendo en conta o recollido nos PPT, en especial ao respecto dos horarios do centro e valoracións efectuadas polo equipo interprofesional.
4. A omisión ou deficiencias moi graves no desenvolvemento e aplicación dos programas individuais de atención de cada persoa usuaria pola persoa xerocultora de referencia.
5. Non dispoñer dos protocolos establecidos nos PPT no CAM ou de estar dispoñibles, non levar a cabo o seu cumprimento, sempre que pola gravidade da súa consecuencia se tipifique como infracción moi grave.
6. A falta de colaboración coa Deputación de Lugo para que se cumpran cos criterios indicados no Protocolo de Inspección de centros de maiores que pode derivar nunha sanción á Deputación de Lugo.
7. A falta de dilixencia na resposta da entidade adjudicataria nas peticións efectuadas polo/a responsable do CAM, realizadas ao obxecto de mellorar o funcionamento das prestacións e/ou atención as persoas usuarias, sempre que se considere como infracción moi grave pola repercusión no benestar da persoa usuaria.
8. Falsear datos ou non comunicar a alteración das circunstancias ou dos requisitos que determinen o outorgamento ou a continuidade da prestación.
9. As infraccións moi graves de normas laborais, tributarias ou administrativas.
10. A falta de resposta ou dilixencia no envío da documentación requirida no PPT ou nos PCAP, con especial mención de altas ou ceses de traballadores/as, sempre que sexa moi grave.
11. O atraso sistemático nos horarios, ou moi graves irregularidades reiteradas na forma da prestación.
12. A desobediencia reiterada de ordes escritas da Deputación de Lugo, relativas á orde, limpeza, forma, prestación e réxime das prestacións, ou reposición de material inservible.
13. O coñecemento por parte da entidade adjudicataria de que está a suceder agresión física, acoso ou malos tratos de calquera índole cara as persoas usuarias por parte de traballadores/as que levan a cabo as prestacións obxecto do contrato, sen que a entidade leve a cabo as accións necesarias e urxentes que poñan fin a esta situación.
14. Considerarase infracción moi grave o silencio, ocultismo ou desinformación á persoa responsable do CAM de producirse as situacións indicadas no apartado anterior.
15. A falta de sxiilo profesional sobre calquer aspecto relacionado co CAM, con especial mención do respecto aos datos das persoas usuarias, rede sociofamiliar de apoio, datos que figuren no expediente procedendo a súa divulgación, que vulneren a confidencialidade dos datos das persoas usuarias feito por calquera traballador/a da contratista.
16. Incumprimentos da normativa de protección de datos que non sexan causa de resolución contractual.


Código Seguro de Verificación	IV7GUPZIPVN5VHBLZT6BDYJSAI	Fecha y Hora	22/09/2020 13:30:59
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	SILVIA GARCÍA LÓPEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GUPZIPVN5VHBLZT6BDYJSAI	Página	48/55





17. O non cumprimento dos horarios establecidos do PAI, considerándose como moi grave o non respecto ao descanso habitual da persoa usuaria.
18. Realizar actividades de coidado sen respectar a intimidade da persoa usuaria que require especial delicadeza e salvagarda da súa imaxe.
19. As faltas de respecto moi graves, intimidacións e calquera tipo de negligencia e/ou maltrato por acción ou omisión que supoña unha situación de desprotección e/ou dano atentando de xeito moi grave a integridade física ou moral e a seguridade das persoas usuarias e ao seu completo benestar.
20. A non substitución inmediata do/a traballador/a que cometa a infracción indicada no parágrafo anterior.
21. As faltas de respecto cara as persoas traballadoras do equipo interdisciplinar da Deputación de Lugo que desenvolve a súa labor no CAM, así como outras persoas relacionadas directa ou indirectamente co centro (persoal médico facultativo, persoal de oficina de farmacia, etc).
22. Deficiencias na calidade dos alimentos ou na prestación do servizo de manutención que afecte ou poida afectar á saúde das persoas usuarias, supoñendo isto un incumprimento manifesto e moi grave dos PPT.
23. Non dispoñer do equipamento básico e necesario para levar a cabo a correcta prestación de manutención e dietas especiais, tal e como se estipula nos PPT considerados coma imprescindibles para garantir a calidade do servizo.
24. A non reparación ou replazo dos elementos do CAM estragados por un mal uso valorados de máis de 3.000,01€.
25. Ocasionar danos ou subtraer bens do centro, doutras persoas usuarias, do persoal traballador ou, se é o caso, das persoas visitantes.
26. A actitude deliberada de permitir o deterioro dun elemento ou instalación do CAM, así como o uso inadecuado de produtos (tóxicos, nocivos e/ou perigosos) que causen estragos nos mesmos.
27. A conduta negligente e as accións e/ou omisións dolosas que interfiran ou alteren discrecionalmente a regularidade do servizo ou produzan danos ás instalacións ou prexuízos e danos aos usuarios.
28. A obstrución á tarefa de inspección e control por parte do persoal da Deputación de Lugo ou inspectores/as das administracións públicas dentro das súas competencia.
29. O cambio inxustificado ou subministración errónea na administración da medicación pautada, non seguindo o procedemento establecido no centro para a correcta administración de medicación.
30. A non dispensación das dietas específicas pautadas.


Código Seguro de Verificación	IV7GUPZIPVN5VHBLZT6BDYJSAI	Fecha y Hora	22/09/2020 13:30:59
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	SILVIA GARCÍA LÓPEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GUPZIPVN5VHBLZT6BDYJSAI	Página	49/55





31. A non comunicación de maneira inmediata e dilixente de caídas das persoas usuarias á persoa responsable do CAM.
32. O incumprimento reiterado dos deberes laborais e de seguridade social co persoal adscrito aos servizos, incluída a non esixencia de que os traballadores contén coas titulacións que resulten preceptivas para formalizar os correspondentes contratos de traballo, así como o respecto dos horarios de descanso, rotación de quenda e calquer incumprimento dos deberes laborais.
33. Ausencias reiteradas de persoal non substituídas, faltas moi graves de puntualidade ou abandono inxustificado do posto de traballo en máis de dúas ocasións. Nestes casos, impoñeráse á adxudicataria, ademais da penalización que proceda, a obrigación de restitución do déficit das horas contabilizadas como non traballadas e detraéndoa da factura correspondente ao mes en que corresponda. En todo caso, tomarase como referencia o valor da hora efectiva de traballo da categoría profesional que corresponda.
34. O incumprimento dos horarios e quendas de traballo establecidos nos PPT ou na oferta, cunha repercusión horaria superior a 15 horas en cómputo mensual. As horas deberán recuperarse ou serán descontadas dos aboamentos correspondentes, nas condicións precisadas no apartado precedente.
35. Minorar unilateralmente as condicións de traballo e/ou levar a cabo modificacións das condicións laborais dos traballadores e traballadoras da adxudicataria non tendo en conta o estipulado nos Convenios colectivos sectoriais en vigor, que lles resultan de aplicación durante a execución do contrato.
36. A falta de aboamento por un tempo igual ou superior a tres meses dos salarios dos e das traballadoras da adxudicataria, conforme ás condicións establecidas nos Convenios colectivos sectoriais en vigor que lles resultan de aplicación durante a execución do contrato.
37. Non presentar trimestralmente a documentación acreditativa que se atopa ao corrente coas obrigas tributarias e coa seguridade social no pagamento dos salarios do persoal adscrito á execución do contrato, nas condicións e contías precisadas no apartado anterior.
38. Non lle facilitar ao persoal da empresa adxudicataria o material suficiente e axeitado, para levar a cabo a correcta execución das prestacións tendo en conta o contido nos PPT, con especial mención á roupa de traballo e os EPI, sempre que sexa un moi grave incumprimento do establecido na lexislación sobre riscos laborais.
39. O incumprimento do contemplado na lexislación sobre riscos laborais.
40. A falta de cumprimento da renovación de calquera das pólizas de seguros exixidas no PPT, ou minorar as garantías exixidas neste contrato.
41. Non aportar algún dos medios tanto materias como persoais relacionados nos PPT ou ofertados na oferta da adxudicataria que sexan considerados imprescindibles.

Código Seguro de Verificación	IV7GUPZIPVN5VHBLZT6BDYJSAI	Fecha y Hora	22/09/2020 13:30:59
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	SILVIA GARCÍA LÓPEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GUPZIPVN5VHBLZT6BDYJSAI	Página	50/55





42. En xeral, o incumprimento ou defectuoso cumprimento de calquera das condicións deste prego e do PPT, ou das indicación da persoa responsable do CAM, ou dos/as técnicos/as da Deputación de Lugo, a comisión de actos que repercutan negativamente na imaxe do Centro, ou supoñan unha irregular execución das prestacións que polo seu grado de importancia se poidan cualificar de moi graves.
43. A comisión de faltas non contempladas en ningún dos anteriores apartados que a xuízo da Deputación de Lugo merezan a consideración de moi grave.

Código Seguro de Verificación	IV7GUPZIPVN5VHBLZT6BDYJSAI	Fecha y Hora	22/09/2020 13:30:59	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica			
Firmado por	SILVIA GARCÍA LÓPEZ			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GUPZIPVN5VHBLZT6BDYJSAI	Página	51/55	

**CONDICIÓN ESPECIAIS DE EXECUCIÓN**

Cada contratista ten a obriga de remitir ao órgano de contratación a documentación xustificativa dos pagamentos aos subcontratistas e/ou subministradores que participen no contrato dentro dos prazos de pago legalmente establecidos no artigo 216 e na Lei 3/2004, de 29 de decembro, no que lle sexa de aplicación.


De conformidade co establecido no artigo 202.3 e apartado 1 do artigo 192 da LCSP o incumprimento desta obriga, ademais das consecuencias previstas polo ordenamento xurídico, permitirá aplicar as penalidades impostas polo órgano de contratación, que se graduarán, en función da gravidade do incumprimento, sen que podan superar cada unha delas o 10% do prezo do contrato (prezo sen IVE), nin o total delas o 50% dese prezo (sen IVE) conforme ao artigo 192.1 da LCSP.

O prezo determínase mediante prezos unitarios, polo que o importe da penalidade calcularase tomando como base económica de referencia o teito ou límite máximo de gasto fixado como orzamento base de licitación para cada lote (sen IVE), aplicando analoxicamente o previsto no artigo 107.3 LCSP. No caso de ser adxudicataria unha oferta integradora a referencia será o total orzamento base de licitación (sen IVE).

A resistencia ou reiteración no incumprimento xustificará a gradación na porcentaxe máxima ou próxima á máxima da penalidade a impoñer, aplicando o principio de proporcionalidade.

Estas penalizacións son preferente as fixadas na cláusula seguinte, estableceranse por acordo do órgano de contratación, a proposta da persoa responsable do contrato, previa audiencia do contratista por un pazo de dez días naturais e faranse efectivas mediante dedución das contías que en concepto de pago parcial ou total se deban aboar ao contratista de cada lote; cando non caiba esta dedución dos mencionados pagos pendentes o importa das penalidades executarase sobre a garantía constituída que deberá ser reaxustada no importe correspondente nos termos do art. 109.2 LCSP.

Código Seguro de Verificación	IV7GUPZIPVN5VHBLZT6BDYJSAI	Fecha y Hora	22/09/2020 13:30:59
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	SILVIA GARCÍA LÓPEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GUPZIPVN5VHBLZT6BDYJSAI	Página	52/55





SUBCONTRATACIÓN

As prestacións correspondentes aos efectivos humanos (RRHH) non se poden subcontratar, quedando limitada á subministración de produtos, materiais e medios técnicos necesarios para a adecuada execución das prestacións contratadas. De xeito moi excepcional, e sempre que se xustifique que non se atopa persoal, poderase subcontratar a realización de actividades de ocio e tempo libre cunha empresa ou entidade que conte de alta para dita actividade.

Non obstante, e como consecuencia das condicións ofertadas en aplicación dos criterios de adxudicación previstos poderán ser subcontratadas as seguintes prestacións:

- a) Perruquería – Barbería
- b) Quirodopia.
- c) As limpezaas xerais.
- d) A desinsectación, desinfección e a desratización.
- e) Elaboración e Implantación do plan de autocontrol baseado nos principios de análises de perigos e puntos de control crítico (APPCC).
- f) Tratamento e xestión dos residuos sanitarios.
- g) Asemade, dadas as condicións especiais de prestación, poderanse subcontratar as limpezaas exteriores que necesiten facer uso de máquinas especiais para acceder a ditos paramentos.
- h) Transportes de ocio.
- i) Plan anual de saídas e excursión

Estas prestacións que poden ser obxecto de subcontratación non superarán o 15% do prezo base de licitación.

Código Seguro de Verificación	IV7GUPZIPVN5VHBLZT6BDYJSAI	Fecha y Hora	22/09/2020 13:30:59	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica			
Firmado por	SILVIA GARCÍA LÓPEZ			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GUPZIPVN5VHBLZT6BDYJSAI	Página	53/55	


**REGULACIÓN DA FACTURACIÓN E PAGAMENTO**

- O pagamento do prezo do contrato realizarase contra factura de carácter mensual e logo de informe favorable ou conformidade do responsable da unidade administrativa que reciba ou supervise a subministración, expedida de acordo coa normativa vixente.
- No expediente para o pago de cada unha desas factura mensuais deberá incorporarse un informe do responsable do centro sobre a correcta execución das prestacións e que pronunciará expresamente sobre: Si a facturación que se deriva das prestacións executadas e realizadas pola/s adxudicataria/s, foron realizadas conforme aos criterios de adxudicación; si se axustan tanto en cantidade como en prezo, aos termos da adxudicacións; e se, consecuentemente é favorable para a súa conformidade.
- Canto antecede, sen prexuízo de solicitar cantas outras informacións considerase procedentes, á persoa responsable do contrato, antes de informar a respectiva factura ou á propia contratista.
- Debe emitirse unha factura mensual por cada lote que reflecta prezos unitarios e número de prestacións, para cada ítem o variación do mesmo (ausencias planificadas ou non, etc) diferenciando claramente entre e atención residencial e atención diúrna.
- A factura emitida axustarase ao previsto no Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de facturación.
- Na presente contratación, o prezo foi determinado en termos unitarios de praza, día, usuario e prestacións concretas, polo que só se pagará o prezo correspondente ás prestacións efectivamente realizadas, agás no caso do inicio da prestacións.

Terase en conta a aplicación das fórmulas de a aplicar para a variación de prezos a pagar segundo ocupación efectiva das persoas usuarias.

- A estes efectos, acompañarase unha memoria complementaria á factura que emita o contratista, na que deberá figurar de forma desagregada o prezo unitario de adxudicación praza/día/usuario/ prestación concreta, conforme á oferta económica . Acompañarase, a nivel informativo, desagregación do facturado, con indicación da persoa usuaria, a prestación recibida pola mesma, a intensidade e duración, precisando os días que recibiu a prestación co obxecto de facer unha dobre comprobación.
- Non se facturarán as prestación vinculadas coas suspensións temporais reguladas nas ordenanzas de prezos públicos dos servizos de atención residencial e servizos de atención diúrna , as cales se deberán comunicar cunha antelación de 7 días naturais a adxudicataria.
- Para as ausencias puntuais non planificadas das persoas usuarias, derivadas de procesos de hospitalización ou outras situacións de causa maior que se poidan acreditar documentalmente, se facturará un 30% das prestacións que lle correspondesen. Terase e conta o momento da ausencia para a facturación, así se contabilizará, como día

Código Seguro de Verificación	IV7GUPZIPVN5VHBLZT6BDYJSAI	Fecha y Hora	22/09/2020 13:30:59
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	SILVIA GARCÍA LÓPEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GUPZIPVN5VHBLZT6BDYJSAI	Página	54/55






de prestación ordinario si a persoa permaneceu 8 ou mais horas no día no Centro. No caso de estar menos de 8 horas nun día, contará como ausencia non planificada aplicando o 30% do prezo correspondente.

Sen outro participar,

A xefa da sección de Benestar Social e Igualdade, Silvia García López (asdo. dixitalmente)

Código Seguro de Verificación	IV7GUPZIPVN5VHBLZT6BDYJSAI	Fecha y Hora	22/09/2020 13:30:59	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica			
Firmado por	SILVIA GARCÍA LÓPEZ			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GUPZIPVN5VHBLZT6BDYJSAI	Página	55/55	